



<u>Acta número:</u> 12	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 19.10.2015	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:08

Asistentes:

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores
D ^a Anabel Gulías Torreiro D. Demetrio Gómez Xunqueira D ^a María Carmen da Silva Méndez D. Xosé Luis Bará Torres D. Cesareo Mosquera Lorenzo D. María dos Anxos Riveiro Portela D. Raimundo González Carballo D ^a María do Carme Fouces Díaz D. Vicente García Legísima D ^a María do Pilar Comesaña Hermida D. Luis Alberto Oubiña Piay D. Jacobo Moreira Ferro D ^a María Aurora Cañizares Malagón D. Rafael Domínguez Artime D ^a María José Rodríguez Teso D. Cesar Alberto Abal González D Manuel Tomás Abeigón Costa D. José Luis Martín González D. Agustín Fernández González D ^a Paloma Castro Rey D. Iván Puentes Rivera D ^a María del Carmen Moreira Martínez D ^a María José Rey Martínez
Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez
Interventora: D ^a Blanca Vega Lorenzo
Non asiste: D. Luis Rei Núñez

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente**, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 22.09.2015.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 22.09.2015 que é aprobado por unanimidade (24) e sen modificación ningunha.

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra á Concelleira do grupo municipal Marea Pontevedra, dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: Un momento, por favor. Grazas, Sr. Alcalde, bos días. Hoxe é un día triste para Pontevedra, hai unha hora iniciáronse oficialmente as obras do corredor rápido de A Ermida-Vilaboa, dita obra, segundo o plan de estras do Estado, vaise converter a medio prazo na autovía do atlántico, nunha obra que discorrerá paralela á autoestrada do atlántico entre A Coruña e Vigo. Este primeiro tramo suporá a destrución do monte de A Fracha, emblema de Pontevedra, mirador natural das rías de Pontevedra e Vigo e de grande valor paisaxístico e dunha fauna autóctona, posteriormente estenderase por toda a Galicia atlántica provocando unha nova navallada ao territorio mentres manterase a autoestrada A-9. A inauguración das obras estaban previstas para hoxe, as 12 do medio día, por parte da Ministra de Fomento Ana Pastor, pero ao coincidir co Pleno do Concello de Pontevedra o Alcalde Lores solicitou o adiamento para as 10 horas, pois ao igual que Nerón quixo contemplar o inicio da desfeita que provocará desniveis de 60 metros de altura e baleirá o monte de 6 millóns de metros cúbicos de terra. Unha vez máis a gran beneficiaria é a empresa construtora San José.

Para Marea Pontevedra é unha vergoña que nin a Ministra de Fomento ni o Alcalde de Pontevedra reciban aos portavoces do colectivo “Salvemos A Fracha” que están respaldados por máis de 20.000 firmas. Para Marea Pontevedra é un ataque ao estado de dereito que se inicien as obras sen esperar á resolución xudicial da petición dos afectados para realizar unha paralización cautelar das obras mentres non se resolva a demanda interposta. Para Marea é unha provocación que o Alcalde de Pontevedra teña compartido este acto coa Ministra de Fomento. O grupo de goberno nega o cambio de data do Pleno para poder facer conciliar a posición no profesionalizada, vida laboral e familiar coa actividade política pero pon todo o seu empeño en mudar a hora da inauguración para amosar o seu desprezo ás demandas de cidadáns.

Marea Pontevedra vai a estar presente en todas as medias que o colectivo de afectados poñan en marcha, xa que afectados somos todos e todas, é o noso ben común natural. Salvemos A Fracha!

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Simplemente dúas consideracións. Unha, esta intervención non encaixa por ningún lado pero bueno, en todo caso, por deferencia se permite que se faga. En segundo lugar dicirlle que eu estou moi orgulloso, está totalmente equivocada Marea Pontevedra, moi orgulloso de que se iniciaran as obras da circunvalación de Pontevedra porque era unha demanda histórica desta cidade, de toda esta cidade, durante décadas, polo tanto non diga cousas que non son verdade, estou moi orgulloso de que se empezara a obra.

Fagan o favor de gardar silencio.

En segundo lugar, dicirlle que non é verdade iso que está vostede dicindo. Simplemente se lle dixó á Ministra de Fomento que as once había Pleno e que nós non podíamos asistir, única e exclusivamente, a decisión de que se puxera as dez foi da Ministra de Fomento, e me parece moi ben pero, en todo caso, non ten nada que ver con este Alcalde. Polo tanto atéñase vostede á verdade.

B) PARTE RESOLUTIVA:



2.- RÉXIME INTERIOR: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO RÉXIME XURÍDICO APLICABLE AOS ANTICIPOS REGULADOS NO ART. 67 DO III ACORDO REGULADOR E NO ART. 73 DO III CONVENIO COLECTIVO, E DA MODIFICACIÓN DAS CONTÍAS DE DETERMINADAS RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS.

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, de data 15.10.2015, emitido sobre a proposta do concelleiro delegado da área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, de data 13.10.2015.

A continuación intervén o concelleiro delegado da área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, don Vicente García Legísima.

Incidencias.- Auséntase da sesión don Anabel Gulías Torreiro.

O **Sr. García Legísima**: Bo día a todos e a todas. Gracias, Presidente.

Simplemente indicar que dado que este punto da orde do día foi ditaminado por unanimidade de todos os membros na Comisión e alí se deron as oportunas explicacións, trátase dun acordo regulador, dunha modificación do acordo regulador asinado con tres dos sindicatos deste concello en febreiro deste ano e que seguiu distintos trámites nas oficinas municipais e servizos e chegou a Pleno para a súa aprobación.

Nada máis e moitas gracias.

Rematada a intervención do concelleiro delegado da área e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (23), e de conformidade co ditame da Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, presta a súa conformidade á indicada proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Acumular a tramitación dos expedientes mencionados na parte expositiva deste acordo.

Segundo.- Aprobar a modificación do artigo 67 do III Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Pontevedra e a do artigo 73 do III Convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Pontevedra, que quedarán redactados nos seguintes termos:

“Os funcionarios/as e traballadores/as do Concello de Pontevedra poderán recibir anticipos de ata catro (4) mensualidades dos seus haberes cun máximo de ata 5.700 euros. Con tal fin, o Concello habilitará anualmente unha partida global de 120.000 euros no orzamento xeral do Concello destinada a todos/as os/as traballadores/as e funcionarios/as acollidos ao convenio.

A partir do mes seguinte á data de percepción do anticipo detraeráse da nómina do funcionario/a ou traballador/a en cuestión a cantidade que resulte de dividir a contía global do anticipo entre o número de mensualidades que correspondan ao importe que teña solicitado, de acordo coa seguinte escala:

- Anticipo de unha mensuralidade
Reintegro en 12 mensualidades
- Anticipo de dúas mensuralidades
Reintegro en 16 mensualidades

- Anticipo de tres mensualidades
Reintegro en 20 mensualidades
- Anticipo de catro mensualidades
- Reintegro en 28 mensualidades

Estes anticipos solicitaranse a través do Rexistro Xeral do Concello e concederanse con arranxo á data de entrada neste.

Non se tramitarán novas solicitudes de anticipos ata que o interesado teña amortizado a totalidade do anticipo ou préstamo que lle fora concedido con anterioridade.

Serán incompatibles a percepción simultánea de anticipo e préstamos, salvo caso extraordinario e xustificado que apreciará libremente a Alcaldía.

Sen prexuízo do anterior, o persoal interino e o persoal laboral temporal poderán solicitar a concesión de anticipos de nómina, cos requisitos que se sinalan no artigo correspondente, e coa limitación de que o prazo de devolución destes non pode exceder da duración prevista para a súa relación funcional ou laboral con esta Administración”.

Terceiro.- Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, a modificación do artigo 41.3 do III Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Pontevedra, que quedará redactado nos seguintes termos:

“3. Nocturnidade. Establécese unha retribución do traballo realizado en horario nocturno cun complemento de produtividade de 20 euros por turno de noite realizado. O complemento de nocturnidade será aboado cando as quendas de traballo teñan carácter ordinario e só por aquel/a funcionario/a ao que corresponda servizo no día sinalado, sendo incompatible co cobro de horas extraordinarias en horario nocturno, xa que estas prevén un incremento por esa circunstancia. O seu abono será bimestral”.

Cuarto.- Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, a modificación do artigo 48.3 do III Convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Pontevedra, que quedará redactado nos seguintes termos:

“3. Nocturnidade. Establécese unha retribución do traballo realizado en horario nocturno cun complemento de produtividade de 20 euros por turno de noite realizado. O complemento de nocturnidade será aboado cando as quendas de traballo teñan carácter ordinario e só por aquel/a traballador/a ao que corresponda servizo no día sinalado, sendo incompatible co cobro de horas extraordinarias en horario nocturno, xa que estas prevén un incremento por esa circunstancia. O seu abono será bimestral”.

Quinto.- Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, a modificación do artigo 41.2 do III Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Pontevedra, que quedará redactado nos seguintes termos:

“ 2. Festividade. Establécese unha retribución do traballo realizado en período festivo cun complemento de produtividade de 36 euros/día. A estes efectos, entenderase por traballo en período festivo o realizado no tempo que medie entre as 22,00 horas da véspera e as 22,00 horas de cada domingo ou festivo. Consecuentemente con isto, poderanse establecer un número máximo de domingos a traballar en xornada ordinaria de 1 de cada 2, en cómputo anual, segundo determinen as necesidades do servizo. O complemento de festividade será aboado cando as quendas de traballo



teñan carácter ordinario e só por aquel/a funcionario/a ao que corresponda servizo no día sinalado, sendo incompatible co cobro de horas extraordinarias en días festivos, xa que estas prevén un incremento por ese carácter festivo. O seu abono será bimestral”.

Sexto.- Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, a modificación do artigo 48.2 do III Convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Pontevedra, que quedará redactado nos seguintes termos:

“ 2. Festividade. Establécese unha retribución do traballo realizado en período festivo cun complemento de produtividade de 36 euros/día. A estes efectos, entenderase por traballo en período festivo o realizado no tempo que medie entre as 22,00 horas da véspera e as 22,00 horas de cada domingo ou festivo. Consecuentemente con isto, poderanse establecer un número máximo de domingos a traballar en xornada ordinaria de 1 de cada 2, en cómputo anual, segundo determinen as necesidades do servizo. O complemento de festividade será aboado cando as quendas de traballo teñan carácter ordinario e só por aquel/a traballador/a ao que corresponda servizo no día sinalado, sendo incompatible co cobro de horas extraordinarias en días festivos, xa que estas prevén un incremento por ese carácter festivo. O seu abono será bimestral”.

Sétimo.- Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, a modificación dos Anexos I do III Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Pontevedra e a do III Convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Pontevedra, que quedarán redactados nos seguintes termos:

“ANEXO I

HORAS EXTRAORDINARIAS

TÁBOA DE IMPORTE DE HORAS NORMAIS

O valor/hora do importe das horas extraordinarias será o seguinte,as que serán incrementadas nun 50% cando foran realizadas en día festivo ou horario nocturno:

NIVEL	CONTÍA EN EUROS
12	12,10
13	12,76
14	13,46
15	13,87
16	14,17
17	14,47
18	14,80
20	15,46
22	16,81
24	18,11
25	18,47
26	18,83
28	19,49
30	20,18“

Oitavo.- Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, a modificación do artigo 43.c) do III Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Pontevedra, que quedará redactado nos seguintes termos:

“ Indemnización especial: Os funcionarios/as que efectúen comparecencias, na súa condición de funcionarios/as, para prestar declaracións perante autoridades xudiciais ou fiscais fóra das horas de servizo serán compensados cunha indemnización por importe do valor de tres horas extraordinarias.

Inclúense, nas mesmas condicións que as comparecencias perante autoridades xudiciais ou fiscais, as comparecencias de carácter oficial con motivo do seu cargo realizadas fóra de servizo, que requirirán a previa autorización expresa do Concelleiro responsable da área de persoal para seren aboadas”.

Noveno.- Aprobar, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, a modificación do artigo 47.c) do Convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Pontevedra, que quedarán redactados nos seguintes termos:

“ Indemnización especial: Os traballadores/as que efectúen comparecencias, na súa condición de traballadores/as, para prestar declaracións perante autoridades xudiciais ou fiscais fóra das horas de servizo serán compensados cunha indemnización por importe do valor de tres horas extraordinarias.

Inclúense, nas mesmas condicións que as comparecencias perante autoridades xudiciais ou fiscais, as comparecencias de carácter oficial con motivo do seu cargo realizadas fóra de servizo, que requirirán a previa autorización expresa do Concelleiro responsable da área de persoal para seren aboadas”

Décimo.- Dispoñer que o contido do presente acordo de modificación de varios artigos do III Acordo regulador para o persoal funcionario do Concello de Pontevedra e de varios artigos do III Convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Pontevedra se remita á Delegación Provincial da Consellería de Traballo aos efectos do seu rexistro, depósito e publicación.

Undécimo.- Os acordos de modificación de varios artigos do III Acordo regulador para o persoal funcionario do Concello de Pontevedra e de varios artigos do III Convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Pontevedra que produzan efectos do 1 de xaneiro de 2015, serán executivos a partir da data da súa aprobación polo Pleno do Concello, sen prexuízo da necesidade de proceder a súa remisión á Delegación Provincial da Consellería de Traballo, e que se teñan que rexistrar, depositar e publicar.

Duodécimo.- Facultar ao Sr. Concelleiro de persoal, réxime interior e patrimonio para realizar cantas actuacións sexan necesarias para a execución e cumprimento do presente acordo.

3.- ORDENACIÓN DO TERRITORIO: RATIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE REQUIRIMENTO PREVIO DE ANULACIÓN DA ORDE MINISTERIAL DE 24.07.2015 DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE PARCIAL DE CONCESIÓN SITA NA MARISMA DE LOURIZÁN, PONTEVEDRA, CUXO TITULAR É A EMPRESA ENCE, S.A.

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención grupo municipal PP e grupo mixto - Ciudadanos), da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, de data 14.10.2015, emitido sobre a ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 05.10.2015, de



requirimento previo de anulación da Orde ministerial de 24.07.2015 de declaración de caducidade parcial de concesión sita na marisma de Lourizán, cuxo titular é a empresa ENCE, SA.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra á Concelleira do grupo municipal Marea Pontevedra, dona María del Carmen Moreira Martínez.

A **Sra. Moreira Martínez**: Moitas gracias.

No Pleno pasado aprobouse unha emenda da Marea para que se cumpran as sentenzas xudiciais referidas ao tren de Praceres, a recheos do Porto de Marín ou a EDAR. Gustaríanos saber se o goberno se ten posto en contacto coas outras administracións para executar este acordo plenario.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias.

A continuación intervén dona María Carmen da Silva Méndez, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

A **Sra. Da Silva Méndez**: Moi bo día, Sr. Alcalde.

Falando do asunto da orde do día que nos toca, simplemente dicir que isto é un paso previo necesario para que non se cumpra esta orde ministerial e intentar que o ministerio a anule. Non ten máis que iso.

Tamén resaltar que os concelleiros e as concelleiras cando vimos aos plenos temos que saber que asuntos se están tratando na orde do día e cando corresponde facer intervencións, e os rogos e preguntas son ao final.

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 7 concelleiros (7 do grupo municipal PP).
- Abstencións: 1 concelleira (1 do grupo municipal Mixto-C's).
- Votos a favor: 15 concelleiros (11 presentes do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 presente do grupo municipal Ma.Po).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, acorda:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 05.10.2015, de requirimento previo de anulación da Orde ministerial de 24.07.2015 de declaración de caducidade parcial de concesión sita na marisma de Lourizán, cuxo titular é a empresa ENCE, SA.

4.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MA.PO INSTANDO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A RECLAMAR Á CÁMARA DE COMERCIO A DEVOLUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS OUTORGADAS PARA AS FEIRAS FERPALIA E POMÓVIL E, NO SEU CASO, A PERSOARSE NOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE SEGUEN CONTRA A INSTITUCIÓN CAMERAL.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame desfavorable, por maioría (en contra grupos municipais do BNG, PP e C'S e abstención grupo municipal PSdeG-PSOE), da Comisión de Economía, Facenda, de data 14.10.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal de Ma.Po instando á Xunta de Goberno Local a reclamar á Cámara de Comercio a devolución das subvencións outor-

gadas para as feiras Ferpalia e Pomóvil e, no seu caso, a persoarse nos procedementos xudiciais que se seguen contra a institución cameral.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión dona Anabel Gulías Torreiro.

A continuación o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal de Ma.Po, á concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas gracias.

Véxome na obriga de retirar este punto da orde do día que ía defender o meu compañeiro Luis Rei, portavoz da Marea, ausente por motivos familiares.

Dende o pasado seis de outubro, é dicir doce días, o Sr. Alcalde e os portavoces municipais teñen un escrito onde se solicitaba o cambio de pleno, a pesar diso non se tomou ningunha medida para cambiar a data. Dende Marea temos dificultades numerosas neste concello para exercer o noso papel, locais inadecuados, ningún persoal de apoio, ningunha dedicación exclusiva...non nos importa, sabemos que ían ser cousas difíciles cun goberno ao que a democracia lle importa ben pouco, pero sabían, señores do grupo de goberno, que nós a diferenza de vostedes non somos profesionais na política, temos que conciliar a nosa vida laboral e familiar coa actividade política, somos xente de común e así imos seguir.

Rematada a intervención da concelleira de Ma.Po., e de conformidade co manifestado pola mesma, o Sr. Alcalde-Presidente retira o asunto da orde do día.

5.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE PARA A CREACIÓN DUNHA PARTIDA ECONÓMICA PARA COMPLEMENTAR O PLAN DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame favorable, por maioría (abstención dos grupos municipais de BNG e PP), da Comisión de Economía e Facenda, de data 14.10.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a creación dunha partida económica para complementar o plan de emprego da Deputación Provincial de Pontevedra.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, é do teor literal seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Socialistas temos establecido como eixo básico do noso traballo no concello, o impulso as políticas que provoquen a activación económica e que faciliten a creación de emprego.

O emprego e a actividade económica convírtense na principal preocupación dos cidadáns de Pontevedra. Non en vano, mais de 7.000 persoas da nosa cidade buscan un traballo e non o acadan e moitas delas nin siquiera teñen dereito a prestacións, o que coloca a moitos fogares e moitas familias nunha situación moi precaria.

Frente a este escenario, os Socialistas non nos cansamos de repetir que o Alcalde non pode poñerse de perfil ou alegar a falla de competencias municipais. Moitos gobernos municipais están tomando medidas de todo tipo para animar a actividade económica dos seus concellos, buscando fórmulas innovadoras que axuden a paliar o problema mais serio da sociedade. Sen esquecer que a responsabilidade máxi-



ma lle corresponde aos gobernos do PP, tanto na Comunidade Autónoma como no Estado. Pero sen escudarse nesa culpabilidade para non adoptar medidas dende a esfera municipal. Todos temos a obriga de dedicar o maior dos nosos esforzos a loitar contra o desemprego. Un Alcalde que renuncia a adoptar medidas activas para favorecer a actividade económica, é un Alcalde que renuncia a liderar o futuro do seu concello.

No anterior mandato, os Socialistas fomos quen de poñer en marcha Plans de Emprego municipais que aínda dentro da súa modestia serviron para ofrecer traballo a un importante número de persoas (perto de 500) e que tiveron un efecto altamente beneficioso na sociedade. O nivel de satisfacción entre os beneficiarios foi altísimo e cumpriu con creces o obxectivo trazado, cun nivel de inserción laboral cercano ao 40%. Lamentablemente, o último Plan de Emprego rematou en agosto sen que o actual goberno adoptara medidas para habilitar un novo Plan. Os socialistas entendemos que é un erro non utilizar recursos municipais en habilitar medidas activas de loita contra o desemprego e nomeadamente, plans e actuacións que continuen o camiño que se abriu no mandato anterior.

Neste sentido, a Deputación ven de poñer en marcha un Plan de Emprego, certamente ambicioso, do que se van a beneficiar todos os concellos da provincia. Concretamente a Pontevedra tendo en conta a súa poboación, correspóndenlle axudas para a contratación de 36 persoas.

Pero os Socialistas creemos que aínda se pode facer mais se dende o concello se asume un compromiso serio de loita contra o desemprego. Por iso e aproveitando a posibilidade que ofrece a colaboración coa Deputación, propoñemos ao Pleno a aprobación da seguinte PROPOSTA:

1.- O Pleno da Corporación insta ao Alcalde a que proceda a dar as instrucións oportunas para habilitar unha partida orzamentaria de 500.000 euros de cara ao mes de xaneiro do vindeiro ano que complementa o Plan de Emprego da Deputación, de xeito que se garante tanto a continuidade como incremento do número de beneficiari@s do Plan.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Moitas grazas, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas. A enquisa de poboación activa do segundo trimestre deste ano indícanos que a taxa de paro en Pontevedra está situada por enriba do 26%, concretamente no 26,1% da poboación activa, un de cada catro homes e mulleres de Pontevedra que quere traballar non atopan onde. Este, dende logo, non é o noso modelo de cidade, non pode ser o modelo de cidade de ninguén. Nós xa sabemos que hai responsables directos desta situación, aqueles que coas súas políticas de austericidio degradan as condicións de traballo, precarizan e favorecen o despido de traballadores e traballoras e a explotación dos non despedidos, iso xa o sabemos. Sabemos tamén que hai outras administracións responsables das políticas activas de emprego que non fan nada de nada, gobernos do Partido Popular en Madrid e na Xunta que teñen as competencias e as responsabilidades e, lonxe de actuar, levan a cabo políticas que, como se está a ver nas enquisas, non fan senón afondar nunha situación de crise incluso persoal para moitas familias onde todos os seus membros están no paro e dependen de axudas externas para, simplemente, sobrevivir. Dramas humanos ao noso redor pola incapacidade para xerar oportunidades de emprego polos que teñen esa responsabilidade.

Pero nós, os concelleiros e concelleiras, os representantes máis próximos aos cidadáns cometeríamos un acto de cobardía se non asumimos os seus problemas como nosos, sexan ou sexan as nosas competencias. Un Alcalde, uns concelleiros, un concello non pode darlle as costas ao principal problema que teñen os cidadáns de Pontevedra e que afecta non só aos que non teñen traballo senón tamén as súas familias.

Podemos escondernos detrás de premios, de beirarrúas con banquiños, podemos falar orgullosos de modelo de cidade, podemos recorrer a botarlle a culpa a outros, pero a realidade é que nós, cando falamos de modelo de cidade estamos pensando nas persoas, nas sanas e nas efermas, nas que teñen traballo e nas que non o teñen, e non podemos sentirnos orgullosos de ter a taxa de desemprego máis alta das cidades galegas, por moitos lombos que poñamos ou moitos premios que gañemos. E vou a dicir algo que, probablemente vaia a sonar a herexía pero non me cabe no corpo, a min non me valen os premios mentres máis de mil trescentas familias de Pontevedra se atopen sen ningún tipo de ingreso e en máis de tres mil domicilios todos os seus membros estean no paro. Este non é, de lonxe, o modelo de cidade que queremos os socialistas e non vemos, Sr. Alcalde, que os premios dos que vostede se gaba e nós nos alegramos nos axuden a solucionar ou, alomenos, a paliar a situación, aínda que sexa mínimamente. Pode que iso lle sirva a vostede para ocupar espazo nos medios de comunicación, o mesmo que non teñen os desempregados, pero lémbrese vostede de que non é o Alcalde do BNG, é o Alcalde de Pontevedra e lle debe lealdade a todos os veciños e veciñas, a todos. Non se esqueza de facer mención destes datos cando vaia a Francia, explíquelles que no seu modelo de cidade tivemos que ser os socialistas os que lle obrigamos a falar dos que non teñen traballo.

Os socialistas fixemos da activación económica e a loita contra o paro o eixo central da nosa campaña electoral, pero o noso compromiso vai moito máis alá dunha campaña electoral porque é un compromiso cos cidadáns e as nosas propostas electorais abarcaban e abarcan un amplo abano de actuacións nas que incluíamos ademais o esforzo orzamentario necesario para poñelas en marcha, propostas que abarcaban todo o espectro de iniciativas que xa se puxeron en marcha en moitos concellos do Estado e nos que xa tiñamos a experiencia moi positiva dos plans de emprego postos en marcha pola Concelleira de Promoción Económica durante o mandato pasado, aínda que modestos na súa contía resultaron exitosos en canto á finalidade que ten que ter un plan de emprego como é a inserción laboral, con perto do 40% de inserción, o que non está nada mal. Plans de emprego que vostede liquidou, Sr. Lore. Partindo desa experiencia xa desenrolada o noso proxecto político, como dicía, explora outras posibilidades que, evidentemente, non vou a desgranar aquí pero que xa anuncio que traeremos no futuro para o seu encaixe no orzamento, que supoño que se elaborará cara o 2016.

Hoxe falamos de activar un plan de emprego complementario ao posto en marcha pola Deputación de cara a principios de 2016, un plan de emprego que permita paliar, aínda que sexa mínimamente, o problema e animar a actividade económica do noso Concello, actividade que, sen dúbida, necesita ser revitalizada. Ei de dicir que creo que o plan de emprego posto en marcha pola Deputación é un bo plan que dignifica o traballo das persoas que acceden a el con salarios dignos, pero tamén teño que dicir que creo que se pode mellorar, alomenos no aspecto da inserción laboral creo que a institución provincial debe reflexionar de cara ao futuro e tomar como exemplo os plans de emprego xa postos en marcha por este Concello no mandato



pasado. Con todo, estamos ante unha magnífica oportunidade de trasladar aos cidadáns que esta Coporación é sensible aos problemas de aí fora e que, por enriba das diferencias políticas, somos quen de poñernos de acordo cando se trata de aliviar a moitas familias e somos quen de investir os cartos de todos en aquelas cousas que preocupan a todos.

Nós esperamos hoxe que todos esteamos de acordo nisto e traslademos unha mensaxe de certa esperanza a eses milleiros de veciños e veciñas que queren traballar e non atopan onde.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. Fernández.

Seguidamente, intervén dona María José Rey Martínez, en representación do grupo mixto-Ciudadanos.

A Sra. Rey Martínez: Buenos días.

Nosotros vamos a votar si a esta moción, aunque creemos que es un mero parche, un parche que supone pan para hoy y hambre para dos meses después de que se inicie, ya que no se apuesta por la inserción laboral. Realmente este tipo de planes de empleo poco o nada sirven para mejorar el largo plazo, exactamente igual que el último plan del que usted hablaba ahora, el del año 2015 puesto en marcha por los socialistas que se hizo de prisa y corriendo en un intento de aumentar votos en las pasadas elecciones municipales, exactamente igual que hace ahora la Diputación.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sra. Rey.

Ten a palabra don César Alberto Abal González, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Abal González: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todas e a todos.

Eu estaba escoitando ao Sr. Fernández e parecíame que estaba collendo os argumentos do Partido Popular durante a pasada lexislatura. Se coge antes a un mentiroso que a un cojo, Sr. Fernández, como usted sabra usted mesmo a un plan de emprego que propuso este Partido Popular, de un millón de euros, votó en contra en el pleno de diciembre, y usted decía que hacíamos un ejercicio de demagogia y que nosotros deberíamos saber que la reactivación económica o la reactivación de emprego no es necesario hacerla a través de una partida, que es mucho más operativo darle sentido creando partidas en todas las concellerías. En otro pleno, en el que hicimos un pacto local por el empleo y se activó el CES, y seguimos esperando por el Sr. Lores a que vuelva a convocar el CES, en el que llegamos a un acuerdo, en el que se creaba una herramienta que a nosotros nos parece muy importante que es el observatorio socioeconómico local, que a cualquier autónomo o pequeño empresario le puede dar herramientas, le puede aportar datos a la hora de abrir su negocio. En Pontevedra se observa como la gente lo intenta, lo sigue intentando, intenta abrir, duran tres meses y se vuelven a cerrar; y no tienen dato alguno, por qué triunfa una panadería, por ejemplo, por qué una calle es más comercial que otra, todos esos datos deberían estar analizados, tratados y en exposición de cualquier ciudadano que quiera emprender y no existe absolutamente nada. En el CES llegamos a un acuerdo para crearlo y dotar la partida, tenemos un departamento de la Universidad de Vigo muy bueno, que lo dirige Pedro Figueroa que es catedrático de economía aplicada, es un señor que participó en el cluster de la madera, participó en el cluster del auto-

móvil, tenemos unos grandes profesionales que pueden aportar mucho a esta ciudad y cumplieron su trabajo, entregaron su proyecto y el Sr. Lores lo tiene metido en un cajón también, llevamos esperando el del CES creo que más de un año, desde aquí le vuelvo a solicitar que convoque el CES, que active y cumple el acuerdo que hicimos en el CES para crear ese observatorio socioeconómico que era una cuantía bastante productiva para lo que puede aportar, eran treinta y poco mil euros, Sr. Lores, le vuelvo a rogar que convoque el CES y sigamos trabajando.

Luego me choca la moción que presenta el Sr. Fernández, yo pensé que la iba a defender el Sr. Puentes, por aquello de la vergüenza torera, en su moción se podía poner la Xunta, como hacía usted siempre, Sr. Fernández, usted siempre decía en las mociones que presentaba como unha enmienda que nos hizo a nosotros que decía que estaba de acuerdo en el pacto de empleo local siempre y cuando pusiéramos que las administraciones titulares de los fondos económicos es la Xunta de Galicia, que es la titular de las competencias legales en materia de políticas activas de empleo. Luego ustedes decían que, como bien saben, el Concello de Pontevedra carece de competencias en materia de activas políticas de empleo, es más, con la nueva ley de racionalidad y sostenibilidad de la administración local tenemos aun menos competencia, etc. El Sr. Mosquera en ese mismo pleno daba un paso más al frente y decía, textualmente, que es muy claro, es clarísimo, la ley 27/2013 de sostenibilidad y racionalización de la administración local prohíbe expresamente que un concello se meta en competencias que no son las suyas, que no son propias y que aún por encima digamos que existen etc. etc. Las políticas activas de empleo no son competencia municipal y, a parte, de articulado se deduce que se prohíbe que los concellos metan cartos, metan ningún recurso, incluso aún que sobren. Qué está pasando ahora entonces, Sr. Mosquera, Sr. Fernández, se coge antes a un mentiroso que a un cojo, ya lo dije antes, y fíjense el tiempo, lo que dijeron ustedes está en acta de Pleno y lo que están diciendo hoy aquí.

Nosotros llevamos defendiendo, desde que este equipo está en Pontevedra, que el principal problema de Pontevedra es el paro, les doy la bienvenida a ese ejercicio de rectificación, van a contar con nuestro voto a favor pero, por favor, a la hora de realizar las enmiendas yo le sugiero que, por lo menos, lo haga el señor Puentes o la señora Castro, que no tienen culpa de la gestión anterior del grupo socialista.

Nada más.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. Abal.

A continuación concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

Estamos nun pleno no que hai que escoitar cousas francamente curiosas, por exemplo, temos aquí unha carta á Opinión, mates 6 de xaneiro de 2004, na que di que a necesidade da circunvalación non a discute ninguén e que a mellor alternativa é a exterior, ou sexa a que se está executando agora, bueno, puido suceder que isto o asinara Ana Pastor, que o asinaramos nós, que o asinara o PSOE, non, o asina Luis Rei Núñez, aquí está.

Por outro lado, temos que o PSOE gábase de que levou promoción económica no mandato pasado, cousa que é certa, que fixo un traballo exemplar, cousa que se pode discutir pero a vamos dar como certa, e que a Deputación agora vai ter que copiar ese plan, e resulta que Pontevedra ten moito paro, iso non encaixa por un lado



nin por outro, claro que ten moito paro, por desgraza pero non nesas cifras, senón unha política moi boa que non corrixe o problema pois estamos nunha seria contradición. Por outra lado, temos que escoitar ao PP, partidario da liberalización a ultranza da economía pois resultar que temos que planificar aquí cales son as rúas máis comerciais, menos comerciais ou dicirlle aos axentes privados que é o que teñen que facer para activar a economía.

Dito isto, porque se falou de todo menos do contido das mocións, vamos coa moción en si. A Deputación non ten ningún plan de emprego, por que?, porque está prohibido pola lei e o interventor advertiulle de que non o podían facer, entón, unha cousa é a cuestión de comunicación e outra cousa é a cuestión administrativa e administrativamente é un plan de axuda aos concellos para obras, servizos e funcionamento, primeira cuestión, por que?, porque a lei non o permite. En Pontevedra por que se puido manter o plan de emprego?, porque, como dixemos, cando unha lei nos parece extraordinariamente lesiva imos a intentar bordeala, creo que tamén está na acta dese pleno, e, en segundo lugar, porque si xa existía pode manterse, pero non hai ningunha contradición, é máis, incluso léase administrativamente non é un plan de emprego.

En segundo lugar, na moción pide que sexa a partir de xaneiro, cousa que está adiantando algo que a min me alegra sabelo porque eu non o sei, como Vicepresidente da Deputación non o sei, sei que este ano había uns millóns que quedaran de remanentes e se aplicaron a un plan de emprego para completar o ano, para o ano que ven hai que discutir exactamente como vai quedar, entón se cadra sucede que existe ese plan ou non existe e hai outro tipo de variables. A preocupación da Deputación polo emprego vai a seguir existindo, agora que sexa na forma dun plan de emprego xa o veremos.

En terceiro lugar, normalmente cando se di complementar a algo suponse que o outro algo é maior, digo eu, se a Deputación pon cen mi euros euros e o Concello medio millón, sería ao revés, entón é a Deputación quen complementa ao Concello, para que complemente terá que ser maior a aportación da Deputación, e xa lle anuncio agora que iso vai a ser radicalmente imposible porque se se usan os mesmos parámetros actuais resulta que habería que ir a un plan de emprego de vinte ou trinta millóns de euros, ou sexa toda a aportación que se lle pode dar aos concello ía a ser no plan de emprego, a menos que cambien os parámetros, pero por moito que cambien non vamos a andar fora desas cifras, cifras radicalmente inasumibles para os fondos que ten a Deputación. Polo tanto, nós fixémoslle ao PSOE unha oferta de transacción que era poñer facer o máximo esforzo posible para levar adiante ese plan na forma en que sexa na Deputación e dixo que non, entón nos atopamos na tesitura de aprobar algo que pode ser ridículo, ou sexa que a Deputación o ano que ven non mande nada ou mande douscentos mil euros, supoñamos, para isto, e nós complementamos con medio millón, ou sexa, ao revés, entón que poñan na moción que a Deputación complemente o do Concello. Creo que é poñer o carro diante dos bois e, polo tanto, por seriedade, por dicir mire non podemos adquirir un compromiso nun acordo plenario, que é algo moi solemne, para despois, se cadra non poder cumprilo, porque igual nin existe. Polo tanto, nestes términos nós temos que votar en contra, ofrecémoslle a transacción, non quixeron, polo tanto temos que votar en contra porque é absurdo, por moito que se adorne de florituras e floreados pois é absurdo adquirir compromisos que non se poidan despois cumprir ou que nin tan sequera se correspondan coa realidade dos feitos porque, probablemente o plan da Deputación vaia dentro do plan de destino aos concellos do fondo e Pontevedra e Vigo, en principio están fora diso, vai haber cartos para Pontevedra e Vigo, máis dos que ha-

bía ata agora pero en obras e demais que, por certo, tamén crean emprego as obras, tamén crean emprego. Nestes termos, francamente, non podemos apoiála, por seriedade porque si ao final no hai ningunha garantía de que vaia a poderse cumprir nin vai haber cantidades nin termos para poder levala adiante nos termos en que está redactada pois temos que opoñernos, a menos que se acepte a transacción, claro, se non pois vamos ter que opoñernos.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. Mosquera
Ten a palabra o Sr. Fernández González.

O Sr. Fernández González: Ao Sr. Abal xa non lle vou contestar porque sigue sen aterrizar entón pois non vale a pena perder o tempo intentando explicarlle cousas que parece que non entendeu no mandato pasado e sigue sen entender neste mandato, entón esperemos que algún día sexa capaz de aterrizar e de entender aos cousas, dito todo isto co máximo cariño posible.

En canto á postura do Sr. Mosquera, o Sr. Mosquera ven aquí a falar da Deputación, el é Vicepresidente da Deputación na Deputación, aquí supoño que tería que defender a postura como concelleiro do BNG do goberno municipal do BNG, que non é o mesmo, que non é o mesmo. Polo tanto, eu entendo que está absorvido polas súas novas competencias dentro da Deputación que son moitas e moi importantes pero cando ven aquí eu lle rogaría que se centrase en falar dos asuntos municipais, porque toda a súa intervención se limita ou a falar da Deputación ou a falar de cuestións puramente formais pero sen entrar a discutir o fondo da cuestión, entón creo que hai un certo nivel de despiste que sería bo, dito tamén con todo o cariño, que se corrixisse no futuro.

Mire, eu xa sei que o plan da Deputación remata en decembro, precisamente por iso se fala de que o plan do concello comece en xaneiro, e ademais porque para activar unha partida de medio millón de euros se necesita tempo, non se fai dun día para outro, iso tamén o sei e por iso lle damos tempo ao goberno municipal e por iso dicimos: cando se remate o plan da Deputación, que non sabemos se vai haber outro ou non, xa estará activo o plan do Concello. Esta non é unha cuestión de que a Deputación poña máis ou menos, esta é unha cuestión de ter vontade política de dedicar medio millón de euros, no futuro, a un plan de emprego; porque lle recordo a vostede que xa temos partidas comprometidas para o ano 2016, xa temos partidas comprometidas, por exemplo a de SOGAMA, o pago do de SOGAMA xa o temos comprometido, polo tanto non vexo eu a dificultade en comprometernos aquí a que, a partir de xaneiro de 2016, vía novo orzamento vía modificación presupuestaria poidamos habilitar unha partida de medio millón de euros para facer un plan de emprego. Por certo, un plan de emprego no que vostedes, cando se fixo no mandato anterior, non crían, e houbo que pelexar moi duro, moi duro, para facer un plan moi pequeniño, porque vostedes non crían nel, e houbo que pelexar moi duro porque vostedes nunca creron nas políticas de emprego feitas dende o Concello, están máis preocupados por outras cousas, que probablemente sexan moi importantes pero, evidentemente, os parados véndense mal cando se vai por aí a fora, véndense mal e entón é mellor tapalos, pero existen, existen máis de 7.000 en Pontevedra, Sr. Mosquera, máis de sete mil, e o nivel de inserción laboral dese pequeniño plan de emprego que se elaborou dende aquí foi dun 40%, que non é pouca cousa. Polo tanto, ao mellor deberían repensarse tamén na Deputación como se fan as cousas, ao mellor hai que mellorar tamén da Deputación. Pero non veña vostede aquí a mezclar as cousas



unas con outras, e non veña a falar de problemas formais ou de problemas da Deputación, aquí estamos falando de orzamento municipal e de vontade política municipal do goberno municipal de atallar o problema máis importante que teñen os cidadáns de Pontevedra.

Se vostede sae a calle e fala coa xente e lle pregunta cal é o principal problema que teñen vanlle dicir que é o paro, e non lle diga vostede que non é competencia municipal porque non o van a entender, porque eu tampouco o entendería. Todos temos que facer o que poidamos e é certo que hai uns que son máis responsables que outros, é certo, pero nós non podemos poñernos de perfil e vostedes están poñéndose de perfil diante do principal problema que ten Pontevedra. O Alcalde pode ir a Francia ou pode ir a onde queira, pode ir a Nueva York e pode vender a cidade pero a cidade tamén é dos parados e das paradas, dos desempregados, da xente que quere traballar e non pode e vostedes, neste momento, estanos abandonando, estanos abandonando e abandónanos por cuestións puramente formais ou técnicas de que si non se pode saber, de que si a Deputación, oiga, aquí se fixeron plans de emprego sen contar para nada coa Deputación, se fixeron sen contar para nada coa Deputación, entón, evidentemente se vostede non queren, neste momento, asumir a moción que presenta o Partido Socialista será porque vostedes non cren nisto, díganlo claramente, digan que prefiren investir os cartos en facer prazas públicas ou en facer lombos ou non sei que, díganlo, díganlle aos veciños de Pontevedra que para vostedes iso é máis importante que loitar contra o paro na medida en que se poida, aínda que sexa un pouquiño só, díganlo, pero non se escuden vostedes en si vai haber un plan na Deputación no 2016 ou non, non se escuden nesas cousas, céntrense un pouquiño en gobernar, pero en gobernar Pontevedra, non só a Deputación, tamén gobernar aquí.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. Fernández
Sra. Rey, ten a palabra.

A Sra. Rey Martínez: Únicamente un inciso.

En el último plan de empleo que creó el Partido Socialista se contrataron a 190 personas y tres se quedaron en la empresa, eso no es un 40%, no es un 40, sólo hay que coger una calculadora y hacer el cálculo.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sra. Rey
Sra. Moreira, ten a palabra.

A Sra. Moreira Martínez: Quero respostar ao Sr. Mosquera por alusións ao noso portavoz Luis Rei sobre esa firma: Sr. Mosquera iso é mentira, por moito que o repita non se vai a converter en verdade. O Sr. Luis Rei cando firma ese documento non era para destruír A Fracha. No ano 2004 falábanse doutras opcións. Gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sra. Moreira.
Sr. Abal, ten a palabra.

o Sr. Abal González: Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Hace bien en no responderme, Sr. Fernández, porque se ha debido de quedar sin argumentos. No obstante, le pido que me explique eso que el llama plan de empleo y presume tanto del plan de empleo, unos contratos de 380 euros por tres meses, yo

me niego a llamarle plan de empleo, incluso becas también sería dudoso. Estuvieron tres meses, al mes eran 120 euros, contratando a la gente y no les pagaron, les pagaron al final. Pasaron las navidades y había mucha gente yéndose a trabajar fuera de la ciudad de Pontevedra, dicho por el técnico de promoción económica, porque en Pontevedra no hay empresas, que también es lamentable, querer hacer un plan y en Pontevedra no hay empresas y tienen que irse a Marín, a Vilaboa, a buscar empresas para intentar poner a la gente.

Sr. Fernández, claro que no entiendo nada, no entiendo por qué, y esto ya lo dije en el pleno de febrero de 2014, no entiendo por qué, y le citaba el DOGA de 23 de diciembre, estaban las bases reguladoras para la convocatoria pública para la concesión de subvenciones para la puesta en práctica de programas entregados de empleo en Galicia durante los años 2014 y 2015 y no entiendo nada porque el Concello no se presentó, ni en 2014 ni en 2015; los responsables de promoción económica eran ustedes y ni se presentaron. Y citaba ejemplos, concellos tan pequeños como Ames, como Moaña, había llevado 72.000 euros y Pontevedra ni siquiera eso, ni siquiera eso, y ustedes presumiendo en plan de 50.000 euros, 90.000 euros, en fin, Sr. Fernández.

Mire, Sr. Mosquera, yo creo que usted nunca abrió un negocio, nunca se dedicó a la actividad privada, por lo tanto lo que dijo antes carece del más mínimo rigor y hasta me avergüenza. No sabe lo importante que es tener una herramienta, para un comerciante, tener una herramienta en la que basarse, en al que arriesgar su dinero. Desconoce eso. Y como desconoce que está aprobado en el CES y aprobado por su propio partido político, está aprobado, allí hubo un acuerdo y votamos todos a favor; allí hubo un acuerdo y votamos todos a favor. Me avergüenza que diga que es decirle a alguien lo que tiene que hacer y lo que no. Es tener una herramienta de apoyo y me parece fundamental, fundamental. La tiene Vigo y muchísimas ciudades que se toman en serio este asunto.

Mire, Sr. Mosquera, hay los que se ponen de lado de los que buscan excusas para no hacer nada y hay de los que se ponen de lado que intentan encontrar como poder afrontar el principal problema de Pontevedra que es el paro. Sin ir más lejos, todos los concellos que se ponen del lado de intentar afrontar el problema lo consiguen, sin ir más lejos Marín, aquí al lado, hizo un plan de empleo propio, lo dotó con 100.000 euros y contrató a 16 personas. Y fíjese, la candidata de su partido en Marín se presenta y lleva pidiendo a gritos que hagan otro plan de empleo que facilite contratos temporales rotatorios.

Es problema de conciencia, es problema de intenciones, es problema de querer trabajar por los ciudadanos de Pontevedra. Nada más.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. Abal

Sr. Mosquera, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Gracias, Sr. Alcalde. Moi brevemente.

Esta manobra de intentar que unha moción concreta que se intentou transaccionar e que non está nada claro que corresponda agora mesmo ao Portavoz do PSOE, di que a Deputación non se sabe e como non se sabe como vamos a complementar o que non se sabe, ofrecéuselle unha transacción. Iso de confundir, intentar confundir que unha moción concreta, por responsabilidade, non se pode votar a favor, con que estamos en contra de ou non nos preocupa, esa é unha xogada de moi pouquiño re-



corrido, polo tanto non ten moito sentido darlle máis voltas.

O único que quero dicir é que non se está prexulgando para nada, oiga, se cadra para os orzamentos do ano que ven pois hai un millón en vez de medio millón ou hai 300.000, vamos a ver. O que se está votando aquí é, única e exclusivamente, poñer 500.000 para complementar un plan da Deputación que non sabemos tan sequera se vai a habelo, punto, iso é o que se está votando, unha cifra para unha finalidade; diso deducir que non vamos a facer un plan de emprego e que non sei que, bueno, pues alá vostedes, creo que non hai peor xordo que o que non quere oír.

De todas maneiras, creo que o que se está deslizando nalgunhas intervencións de poñer en contraposición facer obras con contratar persoal directamente para certas funcións é unha falacia como un mundo. Cando se fai unha obra traballa xente e en mellores condicións que as do plan de emprego da Deputación, bastante mellores. E canto máis obras se fan, algunhas son moi intensivas en man de obra, que é por onde hai que ir, se cadra, é tan eficaz como eses plans de emprego. Esa contraposición é radicalmente falsa, falaz e non ten ningunha saída.

Creo que está moi claro. Nós vamos a votar en contra e non se interprete que para os próximos orzamentos vamos a poñer máis ou menos que xa se porá o que nese momento, cando se elaboren, se acorde.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. Mosquera Sr. Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Aquí non se trata de interpretar, se trata de votos, de vontade política, entón non hai nada que interpretar, uns votaremos a favor e outros votarán en contra, e cada un que quite as conclusións, pero non se trata de interpretar. Aquí o que contrapón as cousas é vostede, non hai por qué contrapoñer facer obras con facer un plan de emprego ou un plan de activación económica, é máis, eu espero que nos orzamentos do ano 2016 non haxa medio millón, haxa 2.275.000 euros para a activación económica, veremos se os hai ou non os hai, pero o que contrapón as cousas é vostede, e o que utiliza tinta de calamar, como case sempre, é vostede.

En todo caso, eu lle pediría que se saque o traxe de Vicepresidente, se poña o traxe de concelleiro e se preocupe tamén polos problemas do goberno municipal porque está mezclando vostede moitas cousas e creo que iso non lle vai a dar moito resultado, nin a vostede como Vicepresidente nin ao goberno municipal de Pontevedra, porque creo que o necesita vostede, o necesita para centrarse un pouco.

En todo caso, creo que as posturas están bastante claras, nós apostamos polo que apostamos, vimos apostando por iso dende sempre e está así reflexado no noso programa electoral e o que facemos e traer aquí unha medida que está no noso programa electoral, os que crean nela que voten a favor e os que non o crean que voten en contra.

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 12 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG).
- Votos a favor: 12 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; 1 presente do grupo municipal Ma.Po; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

Producido empate na votación realizase unha segunda votación co mesmo resultado polo que decide o voto de calidade do Presidente. En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, acorda rexeitar a proposición anteriormente transcrita.

6.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL Á RENUNCIA DA ACTUALIZACIÓN DOS VALORES CATASTRAIS OU Á REDUCIÓN DO COEFICIENTE APLICADO NO NOSO CONCELLO.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame desfavorable, por maioría (en contra grupo municipal do BNG; e abstención dos grupos municipais de PSdeG-PSOE, Ma.Po e Mixto-C's), da Comisión de Economía e Facenda, de data 14.10.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal do PP instando ao goberno municipal á renuncia da actualización dos valores catastrais ou á redución do coeficiente aplicado no noso concello.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal do PP, é do teor literal seguinte:

“En el Consejo de Ministros de 28 de junio de 2013 se aprobó el Proyecto de Ley por el que se adoptaron medidas tributarias y financieras que permitían a los Concellos incrementar los tipos de gravamen del IBI o aplicar los coeficientes de actualización de valores catastrales, siendo incompatibles la aplicación simultánea de las mismas.

El Concello de Pontevedra al tener su ponencia aprobada con anterioridad al año 2002 quedó obligada a fijar el incremento del tipo de gravamen en un 10% del Impuesto sobre Bienes Inmuebles de los bienes urbanos determinados con arreglo a lo dispuesto en el artículo 72 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Dicho incremento se ha venido manteniendo debido a la prórroga de la medida adoptada por el Real Decreto ley 20/2011. Medida que para el año 2016 no está confirmada y que devolvería a nuestra ciudad a los valores previos al estallido de la crisis.

El Concello de Pontevedra, que viene disfrutando de unos ingresos extras con la finalidad de sanear las cuentas de los ayuntamientos de España, ha venido manteniendo la deuda del Concello prácticamente inamovible y desaprovecho una oportunidad de situar al Concello con deuda cero, tal y como ya habían conseguido en el año 2013 3.059 ayuntamientos y 4.720 alcanzaban menos deuda por habitante que Pontevedra. Cifras que a buen seguro ya habrán aumentado.

Fruto de una gestión irresponsable, el Concello de Pontevedra ha solicitado voluntariamente aplicar los coeficientes de actualización de valores catastrales para el año 2016, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 32.2 del Texto Refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004 de 5 de marzo.

Dicha solicitud supone un incremento del 10% del valor catastral que en la práctica conlleva la mayor subida impositiva por parte del Concello de Pontevedra a todos sus ciudadanos en 16 años.

Por lo tanto, el Grupo Municipal del Grupo Popular eleva al Pleno para su debate y aprobación al Pleno la siguiente PROPOSTA DE ACORDO:

Instar al Gobierno Municipal a la renuncia de la actualización de los valores catastrales o, en su defecto, a la reducción del 10% del coeficiente aplicado en nuestro Concello a, fin de disminuir la enorme carga impositiva que soportan los pontevedreses.”



Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Rafael Domínguez Artime, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O **Sr. Domínguez Artime**: Buenos días, Sr. Alcalde, buenos días concelleiros, buenos días al público.

El impuesto de bienes inmuebles es, sin lugar a dudas, la carga impositiva más gravosa para los ciudadanos de nuestra ciudad. En cuantía es muchas veces de difícil soporte para muchos hogares, poniendo dificultades, en ocasiones, a sus integrantes. Es, sin duda, una de las quejas que en más ocasiones se nos ha hecho llegar al seno de nuestro partido. En algunas ocasiones las quejas nos hablan de facturas de mayor cuantía que los ingresos mensuales en ese domicilio. Es, por tanto, un grave problema de todos los pontevedreses. Dicho impuesto, el de mayor cuantía, debería de haber bajado este año un 10%. Sólo con que el Bloque Nacionalista Galego se hubiera quedado quietito el impuesto habría bajado de forma considerable. Vaya por dios, mira que hay veces que el BNG no hace nada, de hecho la mayoría de las veces no hace nada, y para una vez que hace algo significa que el impuesto no baje, si se hubieran quedado quietecitos esta vez no nos habría costado dinero a los pontevedreses.

Lo que ha pedido por escrito el concelleiro del BNG ha sido que no baje el IBI. Nos contestarán con osadía que el recibo será muy similar y esta vez, para variar, dirán la verdad, el recibo a pagar no será muy distinto del actual. Lo que se callan, lo que no dicen es que si se hubieses guardado las manos en los bolsillos el impuesto bajaría, por defecto, en torno al 10%.

Estamos ya cansados de oír lo bien que va el Concello, que si hay superavit, que si hay remanentes, que el dinero del Concello sobra. Si fuera así, ¿por qué no hacer partícipes de esa buena gestión económica a los pontevedreses y bajarles los impuestos? ¿Por qué, si las cosas van tan bien económicamente no aprovechar la jugada y bajar el IBI?, pues por una razón, porque no es verdad, la situación no es agradable, ni siquiera tranquilizadora y la sola posibilidad de que los ingresos del IBI bajasen sería catastrófica para el Concello.

A esta situación por qué se llega?, pues por diversas visicitudes: por decisiones políticas del concello, que si cinco millones en SOGAMA, otros tantos por una usurpación de una parcela, por el parking, por Véteris, por varias indemnizaciones por obras, etc.

Por eso pedimos que empiecen a gestionar con cabeza, transparencia, moderación y prudencia, sin aventuras en las que embarcarse, porque se gobierna para ellos, se gobierna para los ciudadanos, para la gente, y todos nos demandan que baje este impuesto. Por favor, bajen los impuestos a los pontevedreses.

Muchas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: moitas gracias, Sr. Domínguez.

Ten a palabra dona María José Rey Martínez, en representación do grupo municipal Mixto-C's.

A **Sra. Rey Martínez**: El Concello de Pontevedra, en su ordenanza fiscal 22-2009 reguladora del impuesto sobre bienes inmuebles, hace referencia a que el tipo de gravamen sea del 0,62 por lo cual la cuota íntegra resultante para la liquidación del im-

puesto es la suma de la base liquidable más el gravamen. Según el artículo 72 de la Ley reguladora de haciendas locales, el tipo de gravamen varía entre un mínimo de 0,4 al máximo de 1,10 en bienes inmuebles urbanos. Este importe de gravamen que aplica el municipio está en un término medio de las atribuciones que le da esta ley.

Dicho esto, la exposición de motivos se inicia aclarando que el Consejo de Ministros adopta una serie de medidas para paliar el déficit de los ayuntamientos, lo que no dice es que son más de cien los concellos que solicitan que se aplique la subida del valor catastral y tampoco dice que en la provincia de Pontevedra son nueve los que lo hacen, seis de ellos están gobernados por el Partido Popular. También se expone, y siempre refiriéndose al Consejo de Ministros, que es incompatible aplicar el incremento del tipo de gravamen con aplicar el coeficiente de actualización de los valores catastrales, que sí coincide exactamente con la propuesta de acuerdo que llevan ustedes en su moción, en la que se insta al gobierno municipal a renunciar a uno de los dos. Imponiéndolo por ley, el Consejo de Ministros, al menos redundante me parece que lo solicite también el grupo municipal del Partido Popular, básicamente porque donde hay patrón non manda mariñeiro.

Suscribe también la exposición de motivos que conlleva la mayor subida de impuestos por parte del concello en 16 años, ese honor ya lo tiene el Partido Popular, mediante el decreto ley 20/2011 el gobierno, aduciendo al déficit público, aplica una subida de impuestos general, suben el IRPF, suben el IVA y congelan los salarios. Este decreto ley con el cual los ayuntamientos aplican un recargo del 10% sobre el gravamen, afecta a los ayuntamientos con revisión catastral anterior al 2002, y afecta exactamente a 18 millones de viviendas.

Es evidente que los ingresos de los ayuntamientos son los que son, y aunque en este en concreto no estamos de acuerdo con los gastos que realiza, tanto por su pertinencia como por su importe, necesita unos recursos para llevar a cabo su política municipal. No podemos vender que se suben los impuestos cuando en el año 2016 el recibo del IBI en Pontevedra quedará exactamente igual que en el año 2015, por lo que en esta moción únicamente vemos una maniobra propagandística. Y si no les gusta este decreto deberían debatirlo en la sede de su partido y manifestarse en contra de la política económica que sufrimos en este país.

Si lo que quieren, al igual que venden, es que se bajen los impuestos, presenten una moción pidiendo que no se aplique esta actualización sobre el valor catastral.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sra. Rey.

A continuación, en representación do grupo municipal Ma.Po, fai uso da palabra a concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: As baixadas dos impostos non son necesariamente beneficiosas para as persoas e normalmente deterioran os servizos públicos, non obstante debe darse a fondo un debate sobre as ordenanzas fiscais. Nós, a Marea de Pontevedra, formularemos unha proposta para que as rendas máis baixas queden exentas dos impostos na mentres que se aumente a carga impositiva das vivendas baleiras ou segundas vivendas.

Gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sra. Moreira.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipi-



pal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Fernández González: Gracias, Sr. Alcalde.

Antes de empezar a comentar este punto quería dicir que dado o resultado do apoio na votación do punto anterior teño que anunciar que a moción vai a volver a vir porque, evidentemente, conta co apoio de todos os grupos, falta un membro dun grupo dos que a apoian. Houbera sido un feito máis cortés pola súa parte, Sr. Alcalde, que un do seu grupo se houbese abtido e sacado adiante esta votación hoxe porque vai a volver a vir. Polo tanto, creo que houbera quedado vostede moito mellor se houbese visto, vendo na segunda votación que todos os grupos da Corporación excepto o seu apoiaban esta moción pois houbese feito que un dos seus se houbese abtido e así houbésemos evitado ter que repetir os argumentos dentro dun mes. En todo caso, é a súa responsabilidade que co seu voto de calidade non vaia arriba o seu plan de emprego.

En canto ao punto da orde do día no que estamos, eu non quero dedicarlle moito tempo a esta proposta porque sinto dicir que ten un tinte populista que nós non compartimos moito. É moi fácil e moi bonito falarlle aos cidadáns de rebaixas de impostos, de pagar menos e de ter mellores servizos, pero o primeiro problema desta actitude ven cando iso o fai un partido que, despois de prometer baixar os impostos subiu corenta nesta lexislatura, entre outros o IBI, aínda que agora, a dous meses das eleccións intentan maquillar un pouco a súa xestión anterior. Dito con todos os respectos, parece que a proposta non é moi sincera. O segundo problema que se presenta é un problema de certa incoherencia, non se pode falar de rebaixas de impostos e de incremento e mellora de servizos, porque as cousas, case sempre, custan cartos. Non se pode pretender dar mellores e máis servizos recaudando menos, iso non é serio, iso pode dicilo un partido deses que non aspiran a gobernar nunca pero o Partido Popular que se supón que quere ser alternativa debería ter un pouco máis de sensatez, si me permiten a expresión, sensatez política, evidentemente, antes de presentar este tipo de propostas.

Falar de rebaixas do imposto de bens inmobles con carácter xenérico non vai con nós. Nós estamos de acordo en que se pode retocar a ordenanza, intentar axustala, hai cousas que se poden mellorar, de feito ese será o camiño que nós sigamos e xa anunciamos que faremos propostas neste sentido, tanto para mellorar a recadación como a propia tesourería do Concello pero, a estas alturas, non podemos aceptar plantexamentos que non nos parecen coherentes.

Insisto na idea de que dar servizos supón gastar, e non vexo que na proposta que se nos presenta hoxe aquí se faga un cálculo aproximado de canto se deixaría de ingresar polo Concello coa súa proposta, e tampouco vexo onde recortaría o Partido Popular para axustar os ingresos, se nas escolas deportivas, no convenio coa FANPA ou no mantemento de vías públicas ou se pecharíamos algún centro social.

Creo que queda claro que os socialistas estamos pola racionalidade, polo sentido común, que hai que retocar o IBI está claro pero nós non vamos a apoiar unha proposta como esta do Partido Popular.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. Fernández.

Seguidamente, concede o uso da palabra a don Raimundo González Carballo, portavoz do grupo municipal do BNG.

O Sr. González Carballo: Moitas gracias.

Xa saíron aquí, digamos, as principais argumentacións que caben nesta moción. Sinceramente, é un despropósito de moción e así llo fixeron ver os grupos que me precederon pero eu quixera, en todo caso, dar uns datos que lle ven ben que os saiba e así, por exemplo, na publicación que fai o Concello de Madrid do ranking tributario das cidades españolas capitais de provincia pois Pontevedra ocupa o posto 42 de 52 e, por exemplo, na publicación que fai o Ministerio de Facenda con relación ao IBI nos distintos concellos do Estado pois resulta que Pontevedra, pese a ser a cidade número 86 en canto a poboación ocupa o posto 1660 en canto a tipo de gravame. É, un pouco, para que lle quede claro que a posición de Pontevedra en canto ao IBI é das máis baixas do Estado e, dende logo, é das máis baixas nas capitais de provincia.

Por outro lado, sen que veña moito a conto, falan do endebedamento, e tamén quero que lle quede claro, e así aparece en todas as publicacións que Pontevedra é a segunda capital de provincia do estado que ten o endebedamento máis baixo per cápita, ou sexa, o que ten menos endebedamento é Bilbao, o segundo é Pontevedra e o terceiro é Badajoz, e temos un endebedamento por habitante de 189 euros, cando outras cidades nas que gobernaron vostedes, como pode ser Santiago ten 440, Ferrol 406, A Coruña 309 e por non falar de Jaén e sitios así que xa nos 3000 euros e máis.

Concellos nos que gobernan vostedes, próximos aquí, ou gobernaron perdón, como pode ser Sanxenxo 700 euros por habitante, Vilanova igual, Mos tamén, por non falar de outros moitos sitios. Que quede constancia que o endebedamento por habitante do Concello de Pontevedra é dos máis baixos do Estado e, insisto, o segundo máis baixo das capitais de provincia.

Tamén é un despropósito de moción porque resulta que piden algo que o Concello no pode facer, porque piden alternativamente ou no seu defecto a redución do 10% do coeficiente aplicado, oiga mire iso depende o Estado. Insisto, piden o 10% do coeficiente aplicado, cousa que non ten nada que ver o Concello nesta cuestión, en todo caso, diríxanse, como dicía a compañeira de Ciudadanos, a quen corresponde que, ao mellor, lle fan algo de caso.

En definitiva, estamos ante unha moción totalmente demagóxica porque, por un lado está pedindo rebaixas pero, por outra lado, piden incrementar, neste pleno acabámo-lo de ver e despois aínda veñen máis asuntos, que piden que se incremente o gasto e, sinceramente, iso non é posible.

En todo caso, tamén están pedindo unha cousa aquí cando alí onde gobernan, como pode ser aquí ao lado o caso de Marín ou o caso de Soutomaior fan xusto o contrario do que están pedindo aquí. Lle pido un pouco de coherencia en canto á organización política porque se non iso ten os seus costes.

En todo caso, como conclusión, déixense de facer gamberradas políticas e sexan un pouquiño máis serio porque eu creo que así os cidadáns llo van a agradecer.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias, Sr. González Carballo.

Sr. Domínguez, ten a palabra.

O Sr. Domínguez Artime: Muchas gracias.



Si tenemos un concello que es el segundo con menos deuda y en una situación tan bollante aprovechemos para bajar los impuestos. Si usted dice que la situación es tan buena aprovechemos para reducir el IBI a todos los ciudadanos do Pontevedra. Creo que el que incurre en una contradicción es usted, es usted el que firma la carta para pedir que no se reduzca el IBI este año. En cuanto al Partido Socialista, si quiere usted los datos pues aproximadamente será una redución de 1,6 millones de euros lo que se generaría, y ese 1,6 millones, solo viendo la mala gestión y los múltiples aspectos que he dicho habría de sobra para mantenerla durante muchos años. Me sorprende, por otro lado, que un partido como Ciudadanos, que no conozco bien la ideología pero que dice que sabe gestionar, que es moderado y que gobierna para los ciudadanos vote en contra, conjuntamente con un partido nacionalista extramista, para que no se bajen los impuestos a los ciudadanos, si ustedes saben gestionar saben que con menos se puede hacer más.

Creo que el Bloque Nacionalista Galego tiene la capacidad para bajar los impuestos a los pontevedreses gestionando mejor, es lo que pedimos, y estamos hablando de Pontevedra, si usted me habla de otros ámbitos pues no tengo ni capacidad técnica, ni quiero tenerla en este momento, pero lo que me interesa don los ciudadanos de Pontevedra y son a los que quiero que se le bajen los impuestos y creo que es fácil y creo que el Concello puede hacerlo.

Muchisimas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: moitas gracias, Sr. Domínguez.

Sra. Rey, ten a palabra.

A **Sra Rey Martínez**: Ciudadanos no pacta con partidos pacta por ideologías y parece mentira que nos los digan cuando en este Pleno presentamos una moción conjunta con el Partido Popular. De todas formas, de verdad que yo lo he intentado, he leído la moción varias veces y es que no leo en ningún sitio donde pide que se bajen los impuestos, de verdad. Desgraciadamente para usted soy contable y he hecho los cálculo varias veces, los impuestos no suben, permanecen iguales y en su moción no piden bajada de impuestos. Reitero lo que dije antes, si los quieren bajar hagan una moción para bajarlos.

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 16 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).
- Abstencións 1 (1 presente do grupo municipal Ma.Po).
- Votos a favor: 7 concelleiros (7 do grupo municipal do PP)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, acorda rexeitar a proposición anteriormente transcrita.

7.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MA.PO INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ELABORAR OS PREGOS TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS DUN CONCURSO PUBLICO PARA ADXUDICAR A REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA EXTERNA DAS CONTAS DO CONCELLO DENDE O ANO 2000.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame desfavora-

ble, por maioría (en contra grupos municipais do BNG, PP e C'S e abstención grupo municipal PSdeG-PSOE), da Comisión de Economía, Facenda, de data 14.10.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal de Ma.Po instando ao goberno municipal a elaborar os pregos técnicos e administrativos dun concurso público para adjudicar a realización dunha auditoría externa das contas do concello dende o ano 2000.

A continuación intervén, en representación do grupo municipal de Ma.Po, a concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Véxome outra vez na obriga de retirar este punto da orde do día. Quería defender ao meu compañeiro Luis Rei, portavoz da Marea, está ausente por motivos familiares e véxome outra vez no dereito de recordar neste Pleno que o pasado día 6, é dicir, hai doce días o Sr. Alcalde e portavoces teñen un escrito onde solicitaban o cambio de Pleno, a pesar diso non se tomou ningunha medida para cambiar a data. Dende a Marea temos dificultades numerosas neste Concello para exercer o noso papel, non nos importa, sabemos como ían a ser as cousas cun goberno ao que a democracia lle importa ben pouco, pero saiban, señores, que do grupo de goberno que nós, a diferenza de vostedes non somos profesionais da política, temos que conciliar a nosa vida laboral e familiar coa actividade política, somos xente de común e así imos seguir.

Gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sra. Moreira.

Seguidamente, intervén dona María José Rey Martínez, en representación do grupo municipal Mixto-C's.

A Sra. Rey Martínez: A mi me gustaría que nos tomásemos el Pleno un poco en serio, esto ya lo hemos escuchado antes, y si que me gustaría decir que cuando escribió Luis Rey nunca dijo nada de problemas familiares, sino que eran problemas laborales.

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente, atendendo ao sinalado pola Sra. concelleira, retira o asunto da orde do día.

8.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE DENOMINACIÓN DE PARQUE "AMALIA ÁLVAREZ" A UNHA PARCELA SITUADA NA UNIDADE DE ACTUACIÓN 18.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** manifesta: Na Xunta de Portavoces comentamos que hai tres puntos que son o 8, 9 e 10 que se poden tratar conxuntamente e logo se poden votar por separado ou como se queira.

Intervén, a continuación, o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, don **Xosé Luis Bará Torres**, dicindo: Perdón, eu penso que sería máis axeitado tratar esta moción por separado e despois tratar as outras dúas conxuntamente, porque están máis relacionadas, esta non ten así moita relación.

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por



unanimidade, da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 15.10.2015, emitido sobre a Proposición do grupo municipal do BNG sobre denominación de parque “Amalia Álvarez” a unha parcela situada na Unidade de Actuación 18.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal do BNG, é do teor literal seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Pontevedra está desenvolvendo un programa de visibilización e coñecemento das mulleres que ao longo da historia contribuíron ao progreso colectivo. Trátase dun programa de recoñecemento que atinxe a todas as mulleres, e que se concreta en diferentes liñas de traballo. Unha delas ten como obxectivo potenciar a súa presenza no espazo público, mediante a denominación de rúas, prazas, parques e equipamentos; e tamén mediante a creación de roteiros, realización de intervencións artísticas e instalación de rótulos e inscricións. Neste sentido, no Pleno do pasado mes de xullo aprobouse unha moción con unha listaxe de nomes de mulleres para denominar espazos públicos e tamén a organización dunha homenaxe institucional ás mulleres represaliadas.

Unha das mulleres que forman parte desta listaxe é Amalia Álvarez, viúva de Alexandre Bóveda, que debe ser obxecto de recoñecemento por ser vítima directa da represión, pola súa defensa dos valores democráticos e pola preservación dos ideais e valores polos que loitou e polos que morreu Alexandre Bóveda.

Polo anteriormente exposto, o concelleiro que suscribe propón a aprobación da seguinte MOCIÓN:

Denominar "Parque Amalia Álvarez" a zona verde da Unidade 18, situada cara ao leste da zona intermedia da rúa Profesor Filgueira Valverde, cuxas coordenadas aproximadas do centro son X=529981 e Y=4697. O parque ten unhas dimensións aproximadas de 69x54 m. e está incluído na sección 17 do distrito 2.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra o Concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luis Bará Torres.

O **Sr. Bará Torres**: Moi bo día, moitas gracias, Sr. Alcalde.

Esta proposta ten que ver cun acordo do Pleno do mes de xullo, naquel Pleno decidíuse aprobar unha lista de nomes de mulleres para denominación de espazos públicos urbanos non só pensando nos nomes de rúas ou prazas senón tamén noutro tipo de fórmulas como poden ser parques, zonas verdes e demais. Tamén se falaba de desenvolver un roteiro urbano centrado na historia e na memoria das mulleres, tamén do establecemento de inscricións, de rotulacións de placas ou murais relativos á memoria das mulleres no noso Concello, que ten que ver ademais cun programa que estamos desenvolvendo neste sentido. Tamén se acordou nese Pleno a organización dunha homenaxe ás mulleres represaliadas e resistentes que se vai celebrar neste Teatro Principal no mes de novembro. Naquela relación de nomes, por proposta do grupo de Marea Pontevedra incluíuse tamén a Amalia Álvarez Gallego e, nese sentido, o BNG formula unha proposta para que o parque, a zona verde da unidade 18 que está situada entre a rúa Profesor Filgueira Valverde e Paxariñal pois leve o nome de Amalia Álvarez. Esta é unha proposta, ademais, que se consensuou coa familia que está totalmente de acordo pola centralidade que ten esta zona verde, ade-

mais porque ten relación coa propia historia familiar, tendo en conta a relación que tiveron coa zona da Eiriña e, polo tanto, estamos tamén de acordo porque foi unha proposta da familia que a estrea dese parque se faga o 10 de febreiro, que é a data que coincide co cento dez aniversario do nacemento de Amalia Álvarez Gallego e estamos, nese sentido, traballando nun programa de actos para que esa inauguración ou estrea desa nova denominación dese parque central da cidade se faga co máximo esplendor.

O Sr. Alcalde-Presidente: moitas gracias.

A continuación, en representación do grupo municipal Ma.Po, fai uso da palabra dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas gracias. No caso da proposición número 8 valoramos positivamente que esta proposta da Marea sexa asumida polo goberno municipal. No caso número 9 estamos gratamente sorprendidos de como o BNG e a dereita ten consensuado este punto despois do que se dixo no anterior pleno. Dende logo, este acercamento nun tema tan espiñento como é a memoria e as vítimas da represión franquista, non sabemos si se trata dunha evolución da dereita ou unha involución do BNG. O mundo xamais o sabrá.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, aínda que isto era do punto seguinte, pero bueno, xa queda dito.

Ten a palabra don César Alberto Abal González, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Abal González: Mostrar que estamos totalmente de acordo coa denominación de Amalia Álvarez e reiterar e recordar novamente que foi este grupo político o que alertou do déficit de nomes de mulleres en rúas e prazas da cidade de Pontevedra. E instar a que, entre todos revisemos o acordo que hai de microtopónimos e a toponimia rústica e consensuadamente facer unha revisión máis adaptada aos novos tempos.

Moitas gracias.

Rematado o debate realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (24), e de conformidade co ditame da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, acorda aprobar a proposición anteriormente transcrita.

9.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A ORGANIZACIÓN, EN 2016, DUNHA HOMENAXE ÁS VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA.

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 15.10.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal do BNG sobre a organización, en 2016, dunha homenaxe ás vítimas da represión franquista, coa emenda presentada polo grupo autor da proposición de retirada da medalla de ouro da cidade concedida no seu día ao ditador Francisco Franco.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal do BNG coa emenda engadida na Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, é do teor



literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 cúmprense 80 anos do inicio da represión franquista contra os homes e mulleres que defenderon a democracia, a liberdade e os dereitos nacionais de Galicia. Trátase polo tanto dunha boa oportunidade para a organización dun amplo programa de actividades arredor deste tema, a xeito de Ano da Memoria.

Polo anteriormente exposto, o concelleiro que suscribe propón a aprobación da seguinte MOCIÓN:

- Promover a organización, ao longo de 2016, dunha programación anual de homenaxe do concello de Pontevedra ás vítimas da represión, con motivo do 80 aniversario do inicio do terror fascista en xullo de 1936.
- Para o desenvolvemento desta programación, procurarase a participación de entidades e persoas relacionadas coa recuperación da memoria histórica.
- Nesta conmemoración daráselle relevancia, a maiores das vítimas máis coñecidas, a aquelas que foron silenciadas e esquecidas, e nomeadamente ás mulleres.
- Retirar a medalla de ouro da cidade concedida no seu día ao ditador Francisco Franco.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra o Concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luis Bará Torres.

O Sr. Bará Torres: Bo día.

Esta iniciativa ten como obxectivo que o Concello de Pontevedra organice ao longo do ano 2016 unha programación anual de homenaxe ás vítimas da represión franquista tendo en conta que se cumpren oitenta anos do inicio desa brutal e cruenta represión da que foron vítimas moitos centos de pontevedreses e pontevedresas, non só mediante o asasinato senón mediante moitas outras formas de violencia e de sufrimento. Pensamos, ademais, que ten que ser esta programación continuadora de todo o labor que se ven desenvolvendo por parte deste Concello dende o ano 1999 e que ten que ter tres liñas fundamentais de actuación, unha relacionada co estudo e investigación histórica, porque aínda hai moitas zonas de sombra no coñecemento da verdade histórica, unha segunda na homenaxe e recoñecemento ás vítimas, que é algo que ten que ver coa xustiza e a reparación simbólica que aínda lle debemos e unha terceira relacionada coa divulgación, pensando no público en xeral pero, sobre todo, pensando tamén no público escolar. Pensamos ademais que esta programación ten que prestar atención específica e especial ás vítimas anónimas, as vítimas máis silenciadas e esquecidas, porque a pesar de todo o traballo que se leva feito aínda nos quedan moitas persoas por recoñecer e por homenaxear, estou pensando, sobre todo en dirixentes sindicais, en dirixentes obreiros, en dirixentes das sociedades das nosas parroquias, que son moitas vítimas, e tamén na represión que sufriron as mulleres, que é algo que estamos descubrindo tamén a través do programa a memoria das mulleres.

Esta programación vai contar, dende logo, coa participación e coa implicación de asociacións que traballan no ámbito da memoria histórica e tamén persoas que a título individual veñen desenvolvendo un importante labor neste sentido. E como se dixo xa no acordo da moción tamén se inclúe a retirada da medalla de ouro da cidade concedida ao ditador Francisco Franco o 27 de agosto de 1944, porque entendemos que supón unha deshonra e unha vergoña para a historia de Pontevedra. No

ano 2000 xa se retirou unha placa conmemorativa, precisamente, da visita que tivo lugar ese día, aínda que é unha cuestión simbólica pensamos que é importante borrar do noso pasado máis negro, máis escuro e máis dramático acordos que son indignos para a historia desta Corporación municipal.

Rematada a intervención do Concelleiro delegado da área de accesibilidade, patrimonio histórico e medio ambiente urbano, realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (24), acorda aprobar a proposición anteriormente transcrita.

10.- PROPOSICIÓN DE ACORDO DO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA RESPECTO DA INSTITUCIONALIZACIÓN DA HOMENAXE MUNICIPAL A ALEXANDRE BÓVEDA A PARTIR DO ANO 2016.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame desfavorable, por maioría (en contra grupo municipal do BNG e abstención grupos municipais do PP e C'S) da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 17.09.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal de Ma.Po respecto da institucionalización da homenaxe municipal a Alexandre Bóveda a partir do ano 2016.

A continuación intervén, en representación do grupo municipal de Ma.Po, a concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez.

A Sr. Moreira Martínez: Moitas gracias.

Retiramos esta proposta por non existir consenso importante neste tema.

Grazas.

Rematada a intervención da concelleira de Ma.Po., o Sr. Alcalde-Presidente, de conformidade co manifestado pola mesma, retira o asunto da orde do día.

11.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL Á CREACIÓN DUNHA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL E A SOLICITAR SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA POTENCIAR A MÚSICA.

De orde da Presidencia o Secretario do Pleno dá conta do ditame desfavorable, por maioría (en contra grupo municipal BNG e abstención dos grupos municipais de PS-deG-PSOE e Ma.Po), da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 15.10.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal do PP instando ao goberno municipal á creación dunha escola de música municipal e a solicitar subvención á Deputación Provincial para potenciar a música.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal do PP, é do teor literal seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro, a Deputación Provincial decidiu suprimir a subvención que viña concedendo á Escola de Gaitas e Percusión de Pontevedra. Isto supón que, actualmente, a lo menos 154 alumnos quedarán se poder desenvolver esta actividade, a pesar de que a maioría deles xa tiña feita e pagada a súa matrícula. Ademais,



esta supresión implica unha gran degradación cultural na sociedade pontevedresa. Unha situación que esta Corporación Municipal non debería permitir.

O arte de combinar os sons nunha secuencia temporal atendendo as leis da armonía, a melodía e o ritmo, ou de producilos con instrumentos musicais, en definitiva: a música, é unha materia pendente no Concello de Pontevedra, pois aínda queda moito no que traballar.

Por outra banda, o Concello de Pontevedra oferta numerosas e variadas actividades culturais pero bótase en falta cubrir unha parte importante na formación dos cidadáns: a formación musical. Municipios como Vigo, Sanxenxo, Caldas de Reis, Meaño, Silleda, Forcarei cobren parte das necesidades culturais dos cidadáns a través das Escolas de Música Municipais.

Os estudos musicais aportan numerosas vantaxes:

1.- Desenvolven a psicomotricidade e a competencia en idiomas, pois é unha lingua universal, o pensamento lóxico - matemático, a idea de grupo ou o pensamento múltiple.

2.- Permite desenvolver a creatividade, a capacidade de autoescoita e reflexión, as habilidades sociais, a educación en valores e por riba de todo a autoestima.

E por último, citando un estudio de Fátima Santos, Graduada en Primaria en Educación Musical: "A música é unha ferramenta pedagóxica de primeira orde porque se instala moitas veces sen resistencia na aprendizaxe dos nenos. A música contribúe a identidade grupal, é fundamental o seu estudo e a análise do folclore en idades temperáns, na primaria". Unhas aptitudes que poderían aplicarse aos adultos.

O Concello de Pontevedra debe comprometerse e apostar firmemente pola educación musical dos seus veciños.

Polo tanto, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Solicitar á Deputación Provincial que transfira ao Concello de Pontevedra a mesma cantidade da subvención que ata o pasado mes de setembro concedía á Escola de Gaitas e Percusión de Pontevedra, para que así o Concello poida dedicar dita axuda económica a potenciar a música.

2.- Instar ao Goberno Municipal á creación duna Escola de Música Municipal tanto na vertente tradicional como clásica."

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a dona María Aurora Cañizares Malagón, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

A Sra. Cañizares Malagón: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todos.

O pasado mes de setembro a Deputación Provincial decidiu suprimir a subvención que viña concedendo á Escola de Gaitas e Percusión de Pontevedra. Isto supón que, actualmente, alomenos 154 alumnos quedarán sen poder desenvolver esta actividade a pesar de que a maioría deles xa tiña feita e pagada a súa matrícula. Esta supresión implica unha gran degradación cultural na sociedade pontevedresa, unha situación que esta corporación municipal non debería permitir.

O arte de combinar os sons nunha secuencia temporal atendendo as leis da armonía, a melodía e o ritmo, ou de producilos con instrumentos musicais, en definiti-

va: a música, é unha materia pendente no Concello de Pontevedra, pois aínda queda moito que traballar.

Por outra banda, o Concello de Pontevedra oferta numerosas e variadas actividades culturais pero bótase en falta cubrir unha parte importante na formación dos cidadáns: a formación musical. Municipios como Vigo, Sanxenxo, Caldas de Reis, Meaño, Silleda, Forcarei cobren parte destas necesidades culturais dos cidadáns a través das Escolas de Música Municipais.

Os estudos musicais aportan numerosas vantaxes: desenvolven a psicomotricidade, a competencia en idiomas, o pensamento lóxico - matemático e permite desenvolver a creatividade, a capacidade de autoescoita e reflexión e as habilidades sociais.

O Concello de Pontevedra debe comprometerse a apostar firmemente pola educación musical dos seu veciños. Polo tanto, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación as seguintes propostas de acordo:

1.- Solicitar á Deputación Provincial que transfira ao Concello de Pontevedra a mesma cantidade da subvención que ata o pasado mes de setembro concedía á Escola de Gaitas e Percusión de Pontevedra, para que así o Concello poida dedicar dita axuda económica a potenciar a música.

2.- Instar ao Goberno Municipal á creación duna Escola de Música tanto na vertente tradicional como clásica ou moderna. Fáltame moderna aquí, comino.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Fernández González: A verdade é que unha das cousas das que podemos presumir nesta cidade é da vitalidade do panorama musical en todas as súas formas. Nadie pode negar que dende fai xa algúns anos houbo unha eclosión musical en Pontevedra que a coloca, probablemente, entre as cidades máis dinámicas de Galicia. Só hai que darse unha volta polo local de música para ver a efervescencia que se vive nel, ou comprobar a cantidade de concertos nos que participan músicos da cidade ou a enorme calidade das bandas de música, como é o caso da de Salcedo, por poñer só un exemplo.

A moción que se trae hoxe aquí ten, igual que a anterior que presentou o Partido Popular referente ao IBI, un certo carácter oportunista. Tratando de aproveitar un feito que se produce noutra administración plantexa algo que pode parecer unha boa idea pero, ao final, do que se trata é de erosionar unha política que a nós nos parece axeitada, feita dende a institución municipal.

Nós cremos que non é prioritario andar creando escolas municipais de música, e o que hai que facer é seguir apoiando a creación musical e, nalgún caso, é posible que haxa que reorientar o orzamento existente para valorizalo máis. Por iso cremos que si hai que conveniar gastos ou partidas coa Deputación creo que hai temas máis urgentes e importantes que o tema da creación dunha escola municipal de música, cando o panorama musical de Pontevedra parece indicar que non fai falla nestes momentos.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.



A continuación intervén, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o concelleiro don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Grazas, Sr. Alcalde.

Subscribo o que dixo o portavoz do PSOE pero bueno, non creo que sexa cuestión de facer aquí un relatorio das escoas, conservatorios, escolas de música, asociacións, bandas, seminarios ou institucións doutro tipo que se adican á música, afortunadamente en Pontevedra.

A moción é darlle unha volta a un feito ocultando o feito e disparando por elevación. Eu non sei que pode arreglarlle a Pontevedra que un convenio cunha escola de gaitas e percusión da provincia de Pontevedra, sácoa sempre pero é da provincia de Pontevedra, exactamente tiña 140.000 euros para as cinco sedes e 30.000 euros para instrumental que ultimamente non estaba usando porque xa o tiña todo comprado. Estamos nunha situación que é a de sempre, cando se lle pisa o talo a alguén que ten un privilexio e que se entende que é así, que ten unhas vantaxes sobre outras asociacións que están facendo a mesma labor, pois resulta que poñemos o grito no ceo. Os cartos xa están destinados a outras actividades culturais, non se van a restar das actividades culturais, ou sexa que, pedirlle á Deputación agora, cando estamos falando que a Deputación, moi probablemente, van andar cada ano 2 millóns e medio de euros en dotacións grandes e custosas pois agora, se o problema van ser 35.000 euros ou que sexa pois, dende logo, moi pobre é, o que pasa é que o problema é o que é, o problema é esa banda.

En segundo lugar: instar ao Goberno Municipal á creación duna Escola de Música tanto na vertente tradicional como clásica, ou como moderna, perdón, tradicional como moderna. Creo que o Concello de Pontevedra, xa se citou aquí pódese citar, creo que ten feito uns esforzos elevados en potenciar a música. Pero esta creación da escola de música municipal, primeiro, non sabemos canto podería costar, non sabemos ata onde quere chegar, que queren adicarlle, medio millón, un millón, millón e medio cada ano. Propoñen baixar, por un lado, 1,6 millóns de ingresos, agora nos propoñen unha escola, bueno, podería estudarse, conste que se estudou varias veces, ata onde me chega a memoria, e resulta que as contas saían francamente moi custosas e o que ían era e competir dunha maneira, digamos, problemática, por non dicir desleal, que non sería o término exacto, pois coas bandas de música, con todos os que están agora facendo esa educación.

Esa mesma, esquecíase unha cousa, esa mesma agrupación, esa mesma banda pode optar en igualdade de condicións que os demais ás subvencións da Deputación, o que non vai ter é un trato de privilexio, que é o que tiña ata agora.

Sigamos coa escola de música, ben, e por que non unha de danza?, e por que non unha de axiliares de clínica?, unha de monitores deportivos?, claro, é un problema que está aí, obviamente, pero é que resulta que a lei esa que citou antes o seu compañeiro Abal, a lei esa 27/2013 prohíbelle expresamente á administración local crear ningún tipo de, meterse en educación; e a lei da Xunta, despois, sálvaos dicindo que o que xa existe se manteña. Ben, entón quere dicirse que esas escolas de música que, por certo, a maioría dos concellos teñen bastantes problemas con eles e están vendo a ver como o poden reconducir, se estivera creada, a lei da Xunta, a do Estado así pero a da Xunta doulle unha transitoria, podería manterse pero creala non, e os concello que a teñen hoxe non poderían creala. Entón, dunha asociación que ten 140.000 euros garantidos o tiña, da Deputación, que pasa agora a concurso, a competencia competitiva coas outras asociacións e todo o problema que existe nos salen

vostedes con facer unha escola de música municipal, sen saber custes e sen saber nada e incluso en contra da lei que vostedes aprobaron, esa que lle chaman de racionalización e demais.

Francamente, adiquen os esforzos a cousas máis creativas e con menos contradicións, por un lado piden que se baixen os ingresos, por outro que se aumenten os gastos e por outro en calquera problema de repente saen con outra por elevación, e ata nos queda dúbida de que isto non sexa unha consigna do Sr. Moldes, do Sr. Arévalo, porque resulta que presentaron en todos os concellos nas que había unha sección, é curioso, a ver, presentaron en Lalín, en Vilanova, entón, resulta que en todos os sitios onde había unha sede, en Cangas creo que tamén, en Cangas non me consta pero creo que tamén, non estou seguro, nos outros sitios seguro. Ou sexa, o que están descubrindo é que esta asociación, esta asociación era un chichí do PP que tiña uns privilexios que, por certo, o Sr. Louzán xa llos quería quitar, porque non é de recibo, está nun plan quitar subvencións nominativas, non é de recibo que haxa unha asociación que porque si xa ten e os outros teñen que ir a concorrència competitiva. Pois ese é todo o problema que houbo, e diso deducen vostedes que lle pidamos a Deputación, cando se dedican xa a outros fins culturais, que creemos unha escola de música. Non é serio e, obviamente, vamos a votar en contra.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Seguidamente, intervén dona María José Rey Martínez, en representación do grupo municipal Mixto-C's.

A Sra. Rey Martínez: Nosotros no podemos negarnos a instar a la Diputación a que destine dinero a la ciudad y, desde luego, crear una escuela priorizando a las personas en riesgo de exclusión social y que, además, pueda facilitar la creación de empleo nos parece una iniciativa perfectamente defendible por nuestro partido, y si que es cierto que con una partida de 35.000 euros sería perfectamente factible hacerla.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Sra. Cañizares, ten a palabra.

A Sra. Cañizares Malagón: Gracias.

Sr. Tino Fernández, vostede estivo dezaseis anos na concellería de educación, perdón catro, perdón, xa nos chegou. Houbo cousas que fixeron ben pero no todas foron ben, está claro que comíalle as papas a concellería de cultura. Eu, no seu lugar, xa houbera loitado por ter unha escola de música antes de que saíra a lei esta da que nos fala o Sr. Mosquera. Olvidábame que vostede é máis de deportes e que o único problema que ve é o IVE cultural.

En canto ao que di o Sr. Mosquera, non se vaia por outro lado, o Concello de Pontevedra non ten escola municipal de música, despois dos anos que levan vostedes gobernando aquí esa é a realidade.

Outra cousa que podo dicir é que o de ler vai pouco con vostedes, pode ver que a súa postura tanto para o primeiro punto como para o segundo é totalmente contraria a que eu pensaba que podía acontecer, cousa rara, e estou un pouco abraizada co desleixo que amosan cara a música tanto clásica, moderna ou tradicional, e refírome ao desleixo coa formación dos cidadáns, xa que podemos comprobar que si invisten en música pero na que vostedes queren, faltaría máis.



Temos no concello, nestes momentos, 154 cidadáns que perderon a oportunidade de formarse musicalmente aos que o concello debe procurar asistencia, porque son cidadáns de Pontevedra. Ademais destes hai moitos nenos, nenas, xóvenes e adultos que estarían dispostos a acudir ás aulas formativas musicais, saben que a demanda é alta.

O que nós pedimos, por si non o entenderon, o que nos pedimos é que o concello de Pontevedra non perda os cartos da subvención que viña recibindo esta escola, tendo en conta que xa están vostedes na Deputación, están gobernando, pensabamos que sería ben fácil este acordo, pero xa vexo que non interesa, interesa perdelos ou que se vaian para outras partes; onde os irán meter?, a ver si o aclaran pronto e, de paso, enterámonos aquí, porque dende o grupo municipal do Partido Popular no queremos que o noso concello perda unha parte importante para financiar e adicar á cultura musical.

En canto á creación dunha escola de música municipal pois neste concello pasa o de sempre, que imos á cola do resto, non temos que ir moi lonxe, temos ao noso redor unhas cantas: Marín, Vilaboa, Tenorio, Caldas de Reis, concellos que teñen moitos menos habitantes que o noso e posúen dende hai anos unha escola de música municipal. Qué mal lles fará a vostedes crear unha no concello?, e non me diga o que xa me dixo vostede antes, que a Xunta non lle deixa. E xa, se falamos unha escola de música tradicional pois non estamos á cola, aínda estamos máis lonxe; non copian vostedes doutros concellos como de Lalín ou de Poio, ou non lles interesa, é unha forma de arranxar a desfeita que hai, según vostedes, e iso que parece que sempre son os únicos que defenden a música tradicional, isto é un dicir porque non é propia de vostedes, é da cidadanía do mundo enteiro.

Non me conten que temos novas edicións e novas, o que estaba falando o Sr. Tino do local de música ou certas cousas do Mini Pazo, por exemplo, o último que hai, o Mini Pazo club, fantástico, si, é unha boa actividade, ofértanse actividades musicais, pero dentro do Mini Pazo estamos sempre falando de prazas para nenos pequenos, nunca estamos falando para xóvenes e adultos, cantas ofertan vostedes?, pois non sabemos. Fagan un estudo, están vostedes no goberno, miren cantas prazas se necesitarían para o concello; se temos en conta que para as escolas deportivas municipais ofertan unhas 2.200 prazas e hai un presuposto duns 108.000 euros estírese un pouco, de que teñen medo?, formen musicalmente aos cidadáns de todas as franxas de idade, estes agradeceranllo.

Moitas gracias.

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 15 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG e 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE).
- Abstencións 1 (1 presente do grupo municipal Ma.Po).
- Votos a favor: 8 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; e 1 do grupo municipal Mixto-C's)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, acorda rexeitar a proposición anteriormente transcrita.

12.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP E C'S RELACIONADA COA

ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DE HOMENAXE ÁS MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame desfavorable, por maioría (en contra grupo municipal do BNG e Ma.Po; e abstención do grupo municipal de PSdeG-PSOE), da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 15.10.2015, emitido sobre a proposición dos grupos municipais do PP e C's relacionada coa organización dos actos de homenaxe ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

O Texto da proposición presentada, é do teor literal seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia de xénero é un asunto prioritario no Concello de Pontevedra, pero o panorama que cada día preséntase é desolador e por elo esta institución, aínda que mostra a súa repulsa cada vez que hai un asasinato, utilízao de forma partidista.

Ademais, as concentracións de repulsa á violencia de xénero, cada vez que prodúcese un crime machista, lamentablemente, confórmanse a un número reducido de persoas e básicamente a un par de colectivos, afastado do que en realidade debería de concentrar esta cidade.

Tomando como exemplo, o consenso ao que chegamos coa homenaxe a Bóveda, buscando que sexa aberto, plural e cívico, pero sobre todo apartidista, cremos necesario que nun asunto como o da loita contra a violencia de xénero, debemos mostrarnos igual de conciliadores e dialogantes, buscando poñer o noso gran de area para erradicalo do panorama actual e non utilizalo coma se unha das ideoloxías tivese supremacía moral á hora de loitar contra esta secuela social.

Unicamente debe ter cabida o ánimo de construír e contribuír para que estas medidas cada vez sexan secundadas por un maior número de cidadáns e cidadás, que tomen conciencia da necesidade de denunciar e rexeitar calquera actitude machista.

É unha loita de todos e de todas para todas. Estes chamamentos á acción urxente son responsabilidade de todos e cada un dos membros da Corporación e deben servir para unir, e non para separar. É por elo que consideramos que con todos os medios ao noso alcance, toda a corporación local debe comprometerse a facer os chamamentos á sociedade como propios, buscando o consenso de toda a sociedade pontevedresa, independentemente da súa ideoloxía política. Así se fai na maioría dos concellos españois, incluídas as chamadas comunidades históricas.

Diante estas consideracións. o Pleno do Concello de Pontevedra acorda que:

Os actos para dar homenaxe a cada unha das mulleres vítimas de violencia de xénero que se realicen tras cada asasinato, convocaranse a través do Concello e do CIM, a través da mesma mensaxe municipal, e neles gardarase un minuto de silencio e lerase unha declaración institucional e unha declaración dunha persoa que sobresaía pola súa loita contra a violencia de xénero, baixo a premisa de unir e non separar, nin decaer na loita contra esta secuela social, buscando sempre o consenso para abrir as concentracións, dándolles un carácter plural, cívico, apartidista e Pontevedrés.”

Aberto o debate, o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra á concelleira do grupo municipal do Partido Popular, dona María José Rodríguez Teso.



A Sra. Rodríguez Teso: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todos.

Os grupos municipais Popular e Mixto de este Concello, despois do acontecido na última convocatoria contra a violencia de xénero diante da audiencia aquí en Pontevedra, decidimos presentar a seguinte moción por motivos por todos coñecidos.

A violencia de xénero é un asunto prioritario no Concello de Pontevedra, pero o panorama que cada día preséntase é desolador e por elo esta institución, aínda que mostra a súa repulsa cada vez que hai un asasinato, utilízao de forma partidista.

Ademais, as concentracións de repulsa á violencia de xénero, cada vez que se produce un crime machista, lamentablemente, quedan reducidas a moi pouca xente e basicamente a un par de colectivos, afastado do que en realidade debería de concentrar esta cidade.

Tomando como exemplo, o consenso ao que chegamos coa homenaxe de Bóveda, buscando que sexa aberto, plural e cívico, pero sobre todo apartidista, cremos necesario que nun asunto como o da loita contra a violencia de xénero, debemos mostrarnos igual de conciliadores e dialogantes, buscando poñer o noso gran de area para erradicalo do panorama actual e non utilizalo coma se unha das ideoloxías tivese supremacía moral á hora de loitar contra esta lacra social.

Unicamente debe ter cabida o ánimo de construír e contribuír para que estas medidas cada vez sexan secundadas por un maior número de cidadáns e cidadás, que tomen conciencia da necesidade de denunciar e rexeitar calquera actitude machista.

É unha loita de todos e de todas para todas. Estes chamamentos á acción urxente son responsabilidade de todos e cada un dos membros da Corporación e deben servir para unir, e non para separar. É por elo que consideramos que con todos os medios ao noso alcance, toda a corporación local debe comprometerse a facer os chamamentos á sociedade como propios, buscando o consenso de toda a sociedade pontevedresa, independentemente da súa ideoloxía política. Así se fai na maioría dos concellos españois, incluídas as chamadas comunidades históricas.

Por todo isto solicitamos que esta Corporación acorde hoxe aquí que os actos para dar homenaxe a cada unha das mulleres vítimas de violencia de xénero que se realicen tras cada asasinato, se convoquen a través do Concello e do CIM, a través da mesma mensaxe municipal, e neles gardarase un minuto de silencio e lerase unha declaración institucional e unha declaración dunha persoa que sobresaía pola súa loita contra a violencia de xénero, baixo a premisa de unir e non separar, nin decaer na loita contra esta lacra social, buscando sempre o consenso para abrir as concentracións, dándolles un carácter plural, cívico, apartidista e pontevedrés.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Teso.

Seguidamente, intervén dona María José Rey Martínez, en representación do grupo municipal Mixto-C's.

A Sra. Rey Martínez: Desde el grupo Mixto-Ciudadanos creímos necesario plantear esta moción por varios motivos. El mensaje en contra de la violencia de género debe ser unánime en esta Corporación, somos los representantes de los vecinos y de las vecinas de esta ciudad y como tales responsables de que la ciudadanía unánimemente se manifieste en contra de cada uno de los asesinatos machistas. Por supuesto que hemos de hacer política, criticar la falta de recursos, proponer y trabajar cada día pero sobre todo, sobre todas las cosas, buscar que la sociedad en pleno se una

al grito de ni un asesinato machista más.

Es fácil hacer demagogia con este tema, lo difícil es unir y no separar, no tiene porque haber miedo de cogernos las manos y luchar contra la violencia de género, si todosuviésemos la voluntad de trabajar juntos, avanzaríamos más rápido porque la frase de ninguno de nosotros es tan buena como todos nosotros juntos, toma sentido en este tema y más que nunca, y si hay que salir a la calle y protestar por las injusticias que se cometen por los recortes, por el olvido de todas y cada una de las mujeres que sufren cada día la violencia en sus carnes por el silencio tras el que se ocultan, por la falta de medios, por la venta de políticas cara a la galería que no solucionan nada, contra todos y cada uno de los políticos que no ponen todo por su parte para acabar con el dolor de las mujeres y de sus hijos, pero el día después de un asesinato, después del día que asesinen a una mujer maltratada, ese día debemos salir a la calle todos, todos juntos, cada día más para gritarle a su asesino que estamos aquí y que aquí seguiremos hasta acabar con ellos.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sra. Rey.

Seguidamente concede a palabra á concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez, en representación do grupo municipal Marea Pontevedra.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas grazas.

O debate político esixe unha cidadanía activa, o movemento feminista é o lexítimo condutor das protestas diante da violencia machista.

Grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Moreira.

Ten a palabra dona Paloma Castro Rey, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

A Sra. Castro Rey: Bos días.

O Partido Socialista na comisión do xoves pasado abstívose na votación desta moción. O motivo desta abstención foi que non tiñamos moi claro o que a moción pretendía e non tanto iso senón mellor dito o que a moción propoñía.

A prudencia ao respecto dos asasinatos machistas obrigounos a tomar esta postura, sobre todo cando o fin último de todos nós penso que é a condena destes actos, pero unha vez oídas as explicacións da concelleira do PP maila concelleira de Ciudadanos, a nosa postura no pleno vai ser votar en contra e os motivos polos cales votamos en contra son os seguintes: por un lado, non somos quen os políticos de interferir na independencia do colectivo feminista, obrigándoas a ter un discurso determinado ou, por aínda, corrixindo o seu discurso obxectivo a modo de censura, máis cando o que están a denunciar é a realidade, o que se pretende con isto eu penso que é evitar que estas denuncien as vergoñas do PP, as súas nulas políticas de loita contra a violencia de xénero así como os seus recortes no seu investimento.

Por outro lado o que se pretende facer con esta moción entendemos que é unha concentración paralela, a maiores das que se veñen organizando polos colectivos feministas, nós cremos que iso repercutiría de forma negativa na imaxe que hai que dar contra esta loita, que é un imaxe de igualdade ante esta lacra social que todos condenamos e queremos erradicar, facendo varias concentracións evidenciaríamos a falta de unidade ante esta loita e dispensaríamos á xente que pretende acudir ás mesmas e tendo isto, por tanto, un efecto negativo no fin que pretendemos.



Por último, referido ao manifestado polo grupo Ciudadanos de non facer política con este tema, quero aclarar que para nós os socialistas a política é unha declaración de principios, é unha forma de actuar de acordo con eles, por iso estamos moi orgullosos de facer política socialista. Entendemos que a política é a única forma que existe de resolver os conflitos sociais, a política é orden público, é diálogo, é un arma de poder, é unha actividade inherente á natureza humana, é a búsqueda do ben común, todo elo e no que en cada momento se converte. A política non depende de ela mesma senón de quenes a detentan, a política non é nada en si mesma senón que constrúese cada día co ser e co facer dos homes e mulleres que a desarrollan.

Polo tanto creo que as persoas que o pasado día 24 de maio depositaron a súa confianza en cada un de nós o que esperan é que fagamos política.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sra. Castro.

A continuación intervén dona María do Carme Fouces Díaz, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

A Sra. Fouces Díaz: Bo día.

Esta moción basicamente o que pide son tres cousas claves: primeiro, que se lle retire o apoio que o Concello dá ás asociacións de mulleres, ás asociacións feministas, cando convocan as súas concentracións e que vaian en solitario, que sexa o Concello o que faga a súa propia convocatoria co seu texto único e ca súa actuación propia, que sexan despois as asociacións de mulleres que vaian pola súa conta. Despois tamén se pide crear como un ambiente chill out onde todos e todas podamos estar cómodas e podamos marchar para casa coa conciencia tranquila dicindo que que bos somos que mira tu que fomos a gardar un minuto de silencio e pouco máis que a escoitar algún que outro violín. E o que é peor, o que se pide é que se marquen as clases, por un lado está a clase privilexiada, educada, correcta, que suma, que non resta, todo ese discurso, é dicir, parece e collendo esa retranca que hai nesta cidade, unha concentración PTV; e, por outro lado, está a clase maleducada, a clase que berra, a clase que molesta, a clase que reclama os privilexios, menudo panorama, menudo panorama.

Aquí se fala da unanimidade que se chegou en torno a Bóveda, fai o ano que ven oitenta anos que este señor, pobre.., vamos a ter que esperar tanto tempo para chegar a un consenso e todos estar de acordo. A homenaxe que se lle fai a Bóveda non se modificou, modificou a postura o Partido Popular que agora parece ser que non se sinte atacado polo que alí se di, ata ao de agora si que se sentía atacado, modificou a postura o Partido Popular non a homenaxe a bóveda. Parece que isto como é unha cuestión de mulleres vamos a modificar o acto para que todo o mundo podamos estar de acordo, non modificar as posturas.

Se vostedes se senten atacadas e se vostede cren que as súas organizacións políticas se senten incómodas en esas asociacións, en esas concentracións, pois terán que mirar a cuestión, terá que ser unha cuestión propia súa, son vostedes as que se botan fóra, a única ideoloxía que se rexeita nesas concentracións é o machismo, se vostedes se senten atacadas por rexeitar esa ideoloxía pois é unha cuestión particular das súas organizacións políticas.

Precisamente, para que non se diga que o Concello fai manipulación e fai movementos partidistas e fai todo isto o que se fai é un apoio explícito ás asociacións feministas e ás asociacións de mulleres que son as que realmente convocan e que son as que realmente levan a batuta e nós temos que acompañar. Ademais así se recolle no

plan de igualdade que, por certo, aprobamos todos e todas aquí, que é un apoio férreo ao que son todas as mulleres organizadas e todas as asociacións de mulleres. Que hai que escoitar cousas nas concentracións?, pois hai que aguantarse, se se mete o dedo no ollo, incluso se lle meten o dedo no ollo ao Concello, hai que aguantarse, ao mellor hai que pensar que teñen algo de razón en algunha cousas e ao mellor hai que pensar que temos que modificar algún tipo de actuación ou ir máis alá dos esforzos que estamos a facer e hai que aguantarse.

O me van dicir vostedes a min que non houbo un retroceso en todas as políticas de igualdade, me van dicir vostedes a min que non hai ordes políticas nos xulgados neste momento onde se deron doce ordes de protección no mes de agosto cando o ano pasado en todo o 2014 non chegaron nin a media ducia, non hai ordes políticas neste momento dadas para despois destes últimos crímenes brutais apretar o acelerador?. Non teremos que facer fincapé na política, eu xa o dixen na comisión e o reitero aquí, un dos maiores problemas que ten calquera goberno que tome posesión na Xunta e no Estado enriba da mesa, por riba de calquera outro e llo discuto a quen sexa, é a violencia de xénero e senón se toman as medidas políticas necesarias e senón se aplican as leis como se teñen que aplicar seguimos tendo o problema enriba da mesa, ou non temos a un Sr. Rueda que é o responsable da Secretaría Xeral de Igualdade que non me atrevo a calificar a súa posición ante a igualdade por non entrar en detalles, é o responsable da igualdade neste país, o Sr. Rueda.

Mire, eu sei que é moi pesado e moi custoso levar enriba todo o día a todas partes a perspectiva de xénero e dígollo eu dende unha posición bastante privilexiada porque pertenzo a un grupo político onde o seu compromiso coa igualdade é moi importante. Realmente o que vostedes están a facer, aí dende o Partido Popular, as mulleres do Partido Popular é, e llo digo con toda a humildade e con todo o respecto, é un acto titánico, porque non hai máis que contar, contarmos aí e nos damos perfecta conta de que vostedes están facendo un esforzo titánico, o único que lles pido e que non tiren a toalla, teñen que seguir loitando e non poden intentar ablandar as cositas que molestan cando realmente na maioría das veces teñen razón.

De Ciudadanos que dicir o seu nome o di todo. Mirén, vostedes se se preguntan por que están aí, por que estamos aquí, eu creo que a resposta é clara, non estamos aquí nin vostedes nin eu por ser candidatas ao premio Nobel, nin porque teñamos unha capacidade intelectual, unha aportación á política absolutamente imprescindible, estamos aquí porque mulleres, porque cidadás, no cidadanos, cidadás, claramente incómodas e claramente berronas e maleducadas e que molestaban a señoras de o a señores, conseguiron arrebatarse privilexios de clase e conseguiron que todas as persoas que tan incómodas se sentían en estes actos tiveran que recoñecer determinados dereitos que grazas a iso hoxe nós estamos aquí. Se non fora por elas tanto vostedes como nós estaríamos agora nas nosas casas esperando a que os nosos mariditos chegaran do pleno ou de ver o pleno e nós estaríamos felizmente esperando con unha copita de Soberano, esas son as mulleres que a nós tanto nos incomodan e tanto nos molestan, pois a min particularmente soamente teño agradecemento, solo teño agradecemento cos movementos feministas e dende esta concellaría e dende este concello sempre se lles vai a apoiar. Se en algún momento berran ou din algo que nos parece inxusto temos a posibilidade de debatelo con elas e intentar chegar a algún tipo de acordo pero non por iso cortarlles a cabeza.

Aceptar esta moción sería ser cómplice do compadreo institucional que non fai avanzar, se esas mulleres que no seu día case arriscaron a súa vida e moitas delas morreron houberan gardado minutos de silencio vostedes máis eu hoxe non estábamos aquí. Aceptar esta moción sería unha traizón ás vítimas, din que queren sumar, nós



non queremos restar, sumar sería magnífico sumar a todas as vítimas pero xa non é posible, polo tanto vamos a intentar restar o menos posible.

Mentres a concellaría de igualdade siga en mans do BNG e teñamos responsabilidades políticas sempre nos van a encontrar en las concentracións feministas apoiando, independentemente de que se convoque un minuto de silencio, de que os funcionarios e as elites políticas ás que pertencemos vostedes máis nós por moitos que se queiran quitar do brete, non sei poñamos diante do Concello e apoiemos.., iso se vai a seguir facendo pero a mobilización social é a que vai a modificar estas cousas, polo tanto nós votaremos en contra desta moción.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Fouces.
Sra. Rey, ten a palabra.

A Sra. Rey Martínez: Las mujeres de Ciudadanos no tenemos complejos, independientemente del nombre de nuestro partido no nos sentimos menos mujeres por ello y tampoco nos asusta criticar al Partido Popular, realmente lo hacemos y creo que se ha ido viendo en cada pleno. Pedíamos nada más que algo de unidad un momento en el que pudiésemos salir todos, desde luego creo que todos y no se nos puede negar luchamos contra la violencia, todos y todas, nos sentimos.. Es duro trabajar contra la violencia de género y, desde luego, nosotros lo hacemos desde la calle participando en asociaciones y vivimos con las víctimas y las acompañamos en momentos duros, únicamente buscábamos eso un minuto en el que todos y todas pudiésemos estar en la calle. De todas formas seguiremos luchando y aprovecharemos este escenario para criticar la política del PP pero también la política del Bloque y, sobre todo, intentaremos ayudar a que esto mejore.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Rey.
Sra. Rodríguez Teso, ten a palabra.

A Sra. Rodríguez Teso: Si, para pecha Sr. Alcalde.

Estou abraida ao descubrir que dan vostedes os señores do BNG pleno tras pleno moitas clases lingüísticas pero de interpretar ben o que len nada de nada.

Sra. Fouces, eu estou para que me metan o dedo no ollo sempre, pero no sitio no que se debe meter, vale. É o concello porque a min convocoume por correo electrónico o Concello de Pontevedra e o CIM, entón penso que si que estaban vostedes aproveitando politicamente este acto, de aí veu esta moción.

O diccionario da RAE define como feminismo “doctrina social favorable a la mujer a quien concede capacidad social y derechos reservados antes a los hombres”; segunda acepción “movimiento que exige para las mujeres iguales derechos que para los hombres”. Nas sociedades máis avanzadas do noso tempo en xeral e os movementos feministas en particular, son forzas vivas e moi activas que dificilmente van poder ser detidos por moitas estratexias que se inventen para contra restalas. O proceso é tan imparabile que a maioría da opinión pública ten asumido que se trata de un dos principais motores actuais do cambio social, os cambios logrados para alcanzar a igualdade formal e as accións positivas para avanzar na igualdade real foron instrumentos de utilidade para a igualdade da muller.

Este é o camiño para que interpretemos ben a declaración universal de dereitos humanos que empeza dicindo “todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidades e dereitos”, este é o camiño para facer cidadáns, é dicir, persoas libres, iguais,

autosuficientes, ás que a súa comunidade recoñece o dereito para exercer todas as súas capacidades e potencialidades, porque ser cidadán ou cidadá non é só ter dereitos civís, liberdades, nin só dereitos políticos, participación na rede pública, é tamén ter dereitos sociais, económicos, culturais, etc., para poder sentir que todos e todas formamos parte de unha comunidade.

Considérase que os movementos feministas teñen a súa orixe na declaración dos dereitos universais de igualdade e de liberdade promovidos na revolución francesa e na Ilustracións, onde a as mulleres tomaron conciencia da súa situación e comezaron a reivindicar a igualdade en todos os terreos, tanto en dereitos como en oportunidades e non só para os homes, por que poño todo isto por diante?, é moi sinxelo, esta moción non é unha moción en contra do feminismo, Sra. Castro, Sra. Fouces, é unha moción en contra da utilización política de algo tan duro como a violencia de xénero, algo contra os que todos e todas deberíamos loitar xunto e non desunir usando a política segundo conveña, é totalmente contraproducente e de moi mal gusto que se aproveite esta lacra social para facer política aínda que xa sabemos que a vostede, Sra. Fouces, non lle desgusta facelo ou eso é o que dixo vostede na comisión do pasado xoves que calquera ocasión é boa para facer política. A nós non nos gusta que se faga esta utilización descarada da terrible lacra que representa a violencia de xénero, é por isto que presentamos esta solicitude de acordo, buscando abrir as concentracións a todos e todas as cidadáns e cidadás, que sexan o seu Concello e o seu CIM os que convoquen esas concentracións sen visos políticos, baixo a premisa de unir e non separar e non por elo decaer na loita desta lacra.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Teso.

Sra. Fouces, ten a palabra.

A Sra. Fouces Díaz: Cando vostedes foron ao CIM a preguntar de por que se convocaba a traveso do CIM, se lles explicou que fora un erro, se lles explicou que foi un erro administrativo, se chamaba a participar como sempre, non se convocaba a traveso do CIM, xa, vale, ben, vostedes sabe perfectamente que aí houbo unha persoa que o convocou e que cometeu o erro de facer unha convocatoria dende o CIM. De todas as maneiras non creo que ese sexa o gran problema.

Por outro lado dous matices, senón queren facer política este non é o seu sitio, penso, aquí estamos para facer política, a min non me da asco, aquí, na rúa, e dende que nos levantamos ata que nos deitamos, a min non me da asco nin vergoña facer política, estou aquí para facer política, o meu compromiso político é claro e non me avergoño de nada, se vostedes teñen que agachar a cabeza debaixo da ala e aparecer como cidadanos del común, alá vós, eu son política e estou aquí facendo política e a moita honra, e ademais hoxe xa non hai quen se diga que é machista abertamente, verdade, froito do moito traballo das mulleres, pero o machismo evolucionou e sabe travestirse e está travestido no discurso do que acaba vostede de dicir e no texto desta moción.

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 16 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 presente do grupo municipal Ma.Po).

- Votos a favor: 8 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; e 1 do grupo municipal do C's)



En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, acorda rexeitar a proposición anteriormente transcrita.

13.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MA.PO SOLICITANDO QUE SE INCREMENTE A PARTIDA ORZAMENTARIA E O NÚMERO DE PRAZAS DAS BOLSAS DE COMEDOR E SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A QUE CUMpra AS OBRIGAS RECOLLIDAS NO DECRETO QUE REGULA OS COMEDORES ESCOLARES.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 15.10.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal de Ma.Po solicitando que se incremente a partida orzamentaria e o número de prazas das bolsas de comedor e se inste á Xunta de Galicia a que cumpra as obrigas recollidas no decreto que regula os comedores escolares, co emenda introducida pola presidencia da Comisión.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal de Ma.Po co emenda introducida pola presidencia de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, é do teor literal seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das necesidades básicas e primordiais que teñen as persoas é poder alimentarse dun xeito nutritivo, especialmente nas idades temperáns do seu desenvolvemento evolutivo. As circunstancias socioeconómicas de moitas familias de Pontevedra son de pobreza, entendida como a falta de recursos económicos para acceder a bens e servizos básicos. A pobreza fai que non sexan quen de poder satisfacer as necesidades básicas de primeira orde: alimentación, vestimenta, facturas de luz e da auga, recibos da hipoteca ou do alugueiro, materiais escolares...

As familias sen recursos atópanse nunha situación de especial vulnerabilidade social, e iso xéralles inseguridade e indefensión nas súas condicións de vida e dificultades no manexo de recursos e estratexias para afrontar o que están vivindo. De aí a importancia da administración local, como entidade pública de amparo e salvagarda das familias e da infancia.

A Constitución Española, no seu artigo 39, establece a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. A lei 13/2008, do 2 decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no artigo 11, establece as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos (entre outras, a atención das situacións individuais e a participación na xestión das prestacións económicas). Ademais, a lei 3/2011, do 30 de xuño, de Apoio á familia e convivencia de Galicia, no artigo 50, regula que lle corresponden ás entidades locais, a detección, valoración e intervención nas situacións de risco de calquera índole, e mais a activación dos seus propios recursos ou en colaboración coas demais administracións e servizos públicos e privados.

Os comedores escolares xurdiron, por unha banda, como un instrumento para dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, e por outra como medida da conciliación da vida laboral e familiar. A Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de educación, regula no Decreto 132/2013, do 13 de agosto de 2013, os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios.

Desde a Área de Benestar Social do Concello de Pontevedra, durante o curso académico, fináncianse entre 24 e 26 prazas, ás que se lles suman outras 26 a través do convenio coa Federación Provincial de ANPA de Centros Públicos de Pontevedra (FANPA), para os comedores escolares. Pero ese número de prazas resulta insuficiente para a lista de espera existente. Ademais, durante os meses de verán (xullo, agosto e setembro), ante o peche destes comedores, púxose en marcha un programa de repartición de alimentos, con periodicidade quincenal, para que os nenos e nenas necesitados tivesen, polo menos, unha comida nutritiva ao día. En total, neste período, as familias atendidas foron de 120 e 218 menores de idade (cun notable incremento sobre o ano anterior, 2014, cando foron atendidas 88 familias e 178 nenos e nenas).

Estes datos seguen a amosar unha realidade de empobrecemento das familias pontevedresas motivada pola falta de emprego e precariedade laboral, e converte nunha necesidade urxente ampliar tanto o orzamento coma o número de prazas sufragadas para os comedores escolares. Deste xeito, e sempre tendo en conta as propostas de valoración técnica do persoal dos Servizos Sociais Comunitarios, poderanse atender as necesidades das familias que quedan na lista de espera e, asemade, dotar de máis prazas a oferta o longo do curso académico, permitindo a incorporación de novas familias, de ser o caso.

Por todo iso, Marea Pontevedra presenta a seguinte proposición:

1. Incrementar o número de bolsas de comedor ofertadas desde o Concello, para poder cubrir tanto as necesidades das familias en situación de emerxencia social que están lista de espera, coma as de novas incorporacións.
2. Instar a Xunta de Galicia a que cumpra coas súas obrigas ao respecto, recollidas no decreto 132/2013 que regula os comedores escolares.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, portavoz do grupo municipal do Partido Popular.

A Sra. Moreira Ferro: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

A nosa proposición basease nunha necesidade a de poder alimentar dun xeito nutritivo principalmente en idades temperás. Moitas familias de Pontevedra están faltas de recursos económicos para acceder aos servizos básicos como é a alimentación, de aí a importancia da administración local como entidade pública de amparo e salvagarda das familias e da infancia active os seus propios recursos ou en colaboración coas demais administracións e servizos públicos e privados.

Dende o Concello de Pontevedra, durante o presente curso, fináncianse entre 24 e 26 prazas, ás que se lles suman outras 26 a través do convenio coa FANPA para os comedores escolares. Resulta insuficiente para a lista de espera existente, en verán ante o peche destes comedores escolares púxose en marcha un programa de repartición de alimentos onde foron atendidos 218 menores de idade, polo que propoñemos que se incremente o número de bolsas de comedor ofertadas desde o Concello, tanto para os que están en listas de espera como para novas incorporacións. Os comedores escolares xurdiron, por unha banda, como un instrumento para dar resposta a unha situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, a Xunta de Galicia regula no decreto 132/2013 os comedores escolares nos centros docentes públicos que non sexan universitarios. Neste caso a nosa proposta é que se inste á Xunta de Galicia a que cumpra coas súas obrigas a este respecto.

Moitas grazas.



O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sra. Moreira.

A continuación, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, fai uso da palabra o concelleiro don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Moi brevemente.

Trátase de unha moción consensuada polo tanto non cabe moita máis discusión que votar e apoiála.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Seguidamente, intervén dona María José Rodríguez Teso en representación do grupo municipal do Partido Popular.

A Sra. Rodríguez Teso: Gracias Sr. Alcalde.

Nós tamén imos votar a moción a favor porque primeiro cremos necesario incrementar esa partida orzamentaria do Concello e porque cremos que pagar o dez por cento de cada menú tampouco é tanto e por suposto débense ampliar as bolsas de comedor ofertadas dende a concellería de servizos sociais; e, segundo, contestarlle aos señores da Marea que efectivamente o decreto 132/2013 ao que se refiren na presente moción é precisamente o que amplía a rede autonómica de comedores escolares e por iso votamos a favor porque efectivamente xa se está facendo o que vos tedes instan.

Esta rede autonómica de comedores escolares en 2016 atenderá a 9.195 usuarios máis baixo a xestión da Consellería, 18.305 máis que no último curso do goberno bipartito.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Teso.

En representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, fai uso da palabra a concelleira dona María do Carme Fouces Díaz.

A Sra. Fouces Díaz: Bueno, esta é unha moción de chicas e non se retira, se retiran as de chicos.

Vamos a ver, os menores atendidos evidentemente no verano son moito máis dos becados no comedor porque hai moitos nenos que aínda que teñan beca no comedor non teñen transporte e polo tanto non se van quedar por iso o programa nunca se fixo contando exclusivamente cos becados no comedor senón que se fixo contando pois outro tipo de parámetros técnicos que se elaboraron no servizo.

Está previsto aumentar o número de bolsas porque hai dous comedores novos o de Campañó e o de A Carballeira e polo tanto vai a haber máis demanda e evidentemente nós cremos que a Xunta é a que se ten que poñer o fronte de estas cousas porque que pasa cos concellos que non teñen orzamento para poder atender as becas de comedor, é dicir, nós cremos que esta é unha cuestión transversal non pode depender do orzamento municipal aínda que nós, como digo, faremos o esforzo que necesitamos para poder atender a todo o mundo.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Sr. Fernández, moi brevemente.

O Sr. Fernández González: Brevemente.

Non entendín moi ben ese comentario de que é unha moción de chicas, me parece un comentario así un pouco desafortunado, non o entendo moi ben, pero bueno alá vostede. Gracias en todo caso, Sra. Fouces.

A Sra. Fouces Díaz: Non o vou a explicar, creo que xa se sabe.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias.

Sra. Moreira, moi brevemente.

A Sra. Moreira Ferro: Por alusións, esíolle tamén ao Sr. Alcalde que tome nota e que retire ese comentario que queda bastante... que retire o comentario sobre que este é un tema de chicas.

O Sr. Fernández González: Non o entendín, non sei porque ten que ser un tema de chicas, a educación pública non é unha cuestión de chicas é de todos, me parece un comentario profundamente desafortunado.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias.

Sra. Fouces.

A Sra. Fouces Díaz: Eu teño escoitado certos toques de retranca pola outra parte e nunca se pediu a retirada, de todas maneiras haxa paz, de todas maneiras acertei, retiro o comentario, acertei.

Rematado o debate realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (24), e de conformidade co ditame da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, acorda aprobar a proposición anteriormente transcrita.

14.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MA.PO INSTANDO A QUE PONTEVEDRA SE DECLARE CONCELLO OPOSTO AO ACORDO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame favorable, por maioría (voto en contra grupo municipal PP e grupo mixto - Ciudadanos; e abstención do PSdeG-PSOE), da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 15.10.2015, emitido sobre a proposición do grupo municipal de Ma.Po instando a que Pontevedra se declare Concello oposto ao acordo transatlántico de comercio e investimento.

O Texto da proposición presentada polo grupo municipal de Ma.Po, é do teor literal seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea iniciou a negociación cos Estados Unidos (EEUU) para o desenvolvemento do Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (en inglés TTIP) en 2013. Desde entón, a UE e EEUU están a negociar, de costas á cidadanía e aos seus representantes políticos (parlamentos), un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia, a soberanía e a debida protección dos dereitos humanos e a natureza, antepoñendo o interese comercial dos investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral.



O TTIP inclúe medidas para a protección dos investidores a través de Mecanismos de Arbitraje Inversor-Estado (ISDS) que establecerán compensacións económicas dos estados aos investidores cando se reduzan os beneficios futuros dunha compañía (aínda que isto implique a desprotección de dereitos laborais ou da natureza), e onde, ademais dos altos custos, as decisións son firmes e non poden ser apeladas. Á cidadanía interésalle que os servizos públicos sexan eficientes para asegurar unha boa calidade de vida. O Tratado de Lisboa concede aos Estados Membros da UE a competencia para definir e organizar os servizos do interese xeral. En contraste con iso, os acordos comerciais implican a miúdo o risco de restrinxir as políticas públicas con “cláusulas free”, especialmente no campo dos servizos públicos.

Calquera clase de acordo, incluíndo a contratación pública debe conducir a aumentar as garantías e non a reducilas. O TTIP non debe, á súa vez, pór en perigo os aspectos progresivos da lei de contratación pública da UE, xa que estes permiten que se realicen as contratacións públicas, tendo non só en conta o prezo senón tamén outros aspectos como os ambientais e os sociais.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación dos mesmos ás ETN, así como ás compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos e compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a habilidade dos representantes elixidos para administrar libremente as súas comunidades, así como promover a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social, e ignoran calquera lexislación continental, estatal, nacional, rexional ou local. As comunidades atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos aos acordos e as políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locais para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego locais.

As cidades e os municipios europeos recoñecen a importancia do comercio de mercadorías e de servizos para o benestar da cidadanía. Con todo, a competitividade e o desenvolvemento económico non deberían ser os únicos criterios para determinar os acordos comerciais tales como o TTIP. Así mesmo, os aspectos ecolóxicos e sociais teñen que ser considerados en calquera negociación comercial bilateral.

As Administracións Locais:

- ao estar preto das necesidades dos seus pobos, teñen o deber de inxerencia e de resposta respecto do que planea o TTIP, se non queren ser corresponsables de poñer ás persoas e ao planeta en perigo;
- sendo as canles adecuadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, esfórzanse para a súa promoción como resposta ao interese común;
- están obrigadas a resolver os retos sociais, económicos e ambientais e, conseguintemente, a defender a universalidade dos servizos públicos e a protección da cidadanía.

As colectividade locais desexan ampliar o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este Tratado e a sorte que correrán os servizos e compras públicos:

- o comercio e o investimento soamente poden contribuír ao ben común e conducir a intercambios económica e socialmente beneficiosos se respecta as necesidades hu-

manas en todo lugar, e non se basea no beneficio dos especuladores financeiros e das empresas multinacionais;

- a eliminación programada e progresiva dos servizos públicos é ao mesmo tempo a eliminación programada e progresiva da solidariedade e a democracia;
- a apertura máxima dos servizos e as compras públicas á competencia produce efectos contraproducentes en canto á súa accesibilidade, a súa calidade e o seu custo;
- os dereitos sociais son dereitos inalienables, polo que non poden depender exclusivamente da lóxica do mercado;
- só a existencia diversificada de servizos públicos socialmente útiles, permite asegurar unha calidade de vida digna para todos e en todas partes, en estreito nexco co exercicio real da democracia;
- o control público debe preservarse para garantir o acceso aos bens comúns e á creación de novos servizos públicos, así como para favorecer a industria e emprego locais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta diante do pleno a seguinte PROPOSICIÓN:

1. Declarar o concello de Pontevedra como “Concello oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento (en inglés TTIP)”, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.
2. Solicitar do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do Goberno de España o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados servizos socialmente útiles.
3. Solicitar do Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España a suspensión das negociacións do TTIP e outros acordos comerciais similares, coa finalidade de conseguir que:
 - mecanismos como o ISDS ou similares non sexan incluídos neste nin en ningún outro Tratado;
 - se defenda a actual política reguladora da UE e dos seus estados membros, de xeito que non se perdan competencias en materias de lexislación social, protección ao consumidor e medio ambiente;
 - o Tratado non se limite a obxectivos meramente económicos e que lle dea a mesma importancia e consideración aos obxectivos sociais e aos ambientais;
 - se termine a actual falta de transparencia das negociacións, se faga pública toda a información e se abra un debate público na UE e nos seus respectivos parlamentos nacionais;
 - os servizos públicos e a propiedade intelectual sexan excluídos do Tratado.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, portavoz do grupo municipal do Partido Popular.

A **Sra. Moreira Ferro**: Moitas grazas, Sr. Alcalde.

A Comisión Europea iniciou a negociación cos Estados Unidos para o desenvolvemento do Tratado internacional de comercio e investimentos no ano 2013. Desde entón están a negociar un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia, a soberanía, a debida protección



dos dereitos humanos e a natureza, antepondo o interese comercial dos investidores e as empresas transnacionais ao interese xeral.

Este tratado pon en perigo os servizos e comprar públicas en todos os niveis de poder e compromete a habilidade dos representantes elixidos para administrar libremente as súas comunidades, así como promocionar a industria, o emprego e as iniciativas locais.

As cidades e os municipios europeos recoñecen a importancia do comercio de mercadorías e de servizos para o benestar da cidadanía. Con todo, a competitividade e o desenvolvemento económico non deberían ser os únicos criterios para determinar estes acordos comerciais. Os aspectos ecolóxicos e sociais teñen que ser considerados en calquera negociación comercial bilateral.

Propoñemos declarar o Concello de Pontevedra como concello ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento; que se solicite ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados servizos públicos socialmente útiles; e solicitar ao Ministerio de Economía e Competitividade a suspensión destas negociacións e de outros acordos comerciais similares.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sra. Moreira.

Seguidamente, intervén don Iván Puentes Rivera, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Puentes Rivera: Moi bo día a todos e a todas.

Nós a priori non estamos en contra de que poda existir un acordo comercial entre a Unión Europea e os Estados Unidos que, neste caso, favoreza o intercambio comercial e favoreza polo tanto tamén o futuro e as posibilidades de saída dos produtos que son fabricados ou que son producidos nesta terra. Entendemos que o estar en contra ou o estar a favor dependerá de como se produce ese acordo e como se produce ese tratado finalmente e algo que neste momento está en discusión e ademais en unha discusión bastante incipiente no seno da Unión Europea.

Os socialistas tanto no Euro Parlamento como no Congreso dos Deputados temos achegado cal é xa a nosa postura, mesmo no Congreso dos Deputados temos presentado unha emenda transaccional cando se debateu este asunto xunto co grupo parlamentario da Esquerda Plural na que se estableceu unha serie de puntos que son baixo o noso punto de vista os que deben presidir ese acordo.

Polo tanto, que queremos ou que defendemos dende o Partido Socialista que debe implicar este acordo comercial con Estados Unidos, pois en primeiro lugar que a negociación que se estableza para a sinatura deste tratado se produza coa máxima transparencia e coa máxima participación posible de todos os grupos do europarlamento e de todos os sectores afectados.

Por suposto os modelos sociais e os modelos económicos de Europa e dos Estados Unidos son eu creo que radicalmente diferentes tanto historicamente como incluso no momento actual, polo tanto outro punto fundamental para nós é que dentro do acordo e dentro das negociacións que se poidan establecer se preserven de forma incondicional os estándares europeos de protección social de protección medio ambiental, así como os dereitos laborais, os dereitos sindicais, os dereitos de asociación, que son diferentes na Unión Europea e nos Estados Unidos, polo tanto non re-

nunciar ao modelo europeo e non só non renunciar senón que blindalo e garantilo e pese á sinatura de ese tratado. Por suposto que os posibles desencontros, conflitos que se podan producir entre investidores e estados no marco de este tratado que non sexan solventados mediante arbitraje como inicialmente se supoñía ou se establecía senón que sexan os sistemas xudiciais dos estados quen resolvan eses conflitos que se podan producir. Por suposto que servizos públicos como a Sanidade ou a Educación que son fundamentais, imprescindibles para nós, queden excluídos do tratados internacional de libre comercio cos Estados Unidos.

Que se realice tamén un estudo de impacto, positivo e negativo de este tratado, concretamente no noso país e concretamente tamén con respecto a Galicia. Que a Unión Europea elabore unha regulación previa en materia de protección de datos e de privacidade que garantamos de tal xeito que o que nós entendemos por datos de carácter persoal e por privacidade deses datos quede garantido tamén e non a filosofía dos Estados Unidos ao respecto. Que este tratado se inclúa na regulación dos mercados e servizos financeiros e que se garante tamén, por suposto, a protección da diversidade cultura e do sector audiovisual europeo.

Con estes puntos, con estes puntos asumidos e con estes puntos incorporados á negociación, para nós un tratado de libre comercio cos Estados Unidos non tería grandes inconvenientes y si tería moitas vantaxes. Se non se fai considerando estes puntos e polo tanto se fai simplemente como un espazo de libre especulación ou un espazo no que as doutrinas neoliberais campen ás súas anchas, evidentemente nós o consideraríamos prexudicial e non o poderíamos apoiar.

Polo tanto, como estas propostas están presentadas, como o proceso de negociación está nunha fase incipiente no que parece que queda longo camiño por diante para poder poñerse de acordo, nós o que imos facer é absternos á espera de que efectivamente se concrete como vai ser ese tratado de libre comercio e a partir de aí si poder posicionarse a favor ou en contra e incluso poder influír na negociación para que iso sexa nestes termos que eu apuntaba.

Gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Grazas.

A continuación concede o uso da palabra a don César Alberto Abal González, ren representació do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Abal González: Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Creo que hay otras administraciones y otros estamentos para debatir esto, non obstante unha única raza, unha única bandeira, un solo planeta. Non se coñecen casos de emigración de países liberalizados a países socialistas, os nosos xóvenes emigran todos a países liberalizados.

Nada máis.

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 8 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).
- Abstencións: 3 concelleiros (3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE).
- Votos a favor: 13 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; e 1 presente do grupo municipal Ma.Po).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da



Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, acorda aprobar a proposición anteriormente transcrita.

15.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A CREACIÓN DE UN SISTEMA TELEMÁTICO PARA AS INSCRICIÓN NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do PP, ao concelleiro don Manuel Tomás Abeigón Costa.

O Sr. Abeigón Costa: Gracias, Sr. Alcalde. Buenos días señores y señoras, concejales, concejales, compañeros de esta Corporación, funcionarios del Ayuntamiento, medios de comunicación y, como siempre digo, a todos los asistentes al pleno de hoy.

Esta moción como está pendiente de dictamen, dado que en la comisión de Cultura se propuso trasladarla al IMD, se pospone para la siguiente sesión.

Rematada a intervención do concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente, atendendo ao sinalado pola Sr. Concelleiro, retira o asunto da orde do día.

16.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA AO APOIO A COMPOSTAXE COMO MÉTODO DE TRATAMENTO DOS RESIDUOS E A INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS ORGÁNICOS NUN POLÍGONO INDUSTRIAL.

A continuación fai uso da palabra o **Sr. Alcalde-Presidente:** Sometemos á Corporación a importancia da moción e polo tanto a súa urxencia. Algún inconveniente por parte dos grupos? Hai un inconveniente pola Sra. Rey, díganos.

Pois se non a entendemos non sei se queremos que a explique alguén. Se quere explicala o Sr. Fernández que a explique o Sr. Fernández, se non votamos pero se a explica mellor.

O Sr. Fernández González: A urxencia ven motivada porque na última Xunta de Goberno Local, o martes pasado creo que foi, aprobouse un acordo cos comeneiros de A Canicouva par proceder a usar dez hectáreas de terreo e aproveitando que o pleno era este e que non nos dou tempo a metela por o cauce normal entendemos que a urxencia está máis que xustificada.

Seguidamente sométese a votación a ratificación da inclusión por urxencia, sendo aceptada por maioría.

Resultado da votación:

En contra: 1 concelleira (1 do grupo municipal Mixto-C's).

A favor: 23 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal PSdeG-PSOE; e 1 presente do grupo municipal Ma.Po).

O teor literal da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE é o se-

guinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2014, o Alcalde de Pontevedra e o anterior Presidente da Deputación Provincial asinaron un Protocolo no que entre outras consideracións, se incluía a construción dunha planta de tratamento de lixo nun monte de Pontevedra. As previsións que se establecían nese protocolo e que foron confirmadas mesmo pola Xunta de Galicia, son as de ubicar en Pontevedra unha planta de tratamento de residuos que ocupará non menos de 10 hectáreas de monte e que tería unha capacidade para 30.000 toneladas/ano.

A pesares da oposición veciñal, manifestada non solo a traves dos veciños de Pontesampaio, senon da propia Federación de Asociacións de veciños e da Mancomunidade de Montes, o actual goberno municipal decidiu seguir adiante co proxecto e para elo acaba de aprobar en Xunta de Goberno un acordo coa Comunidade Montes da Canicouva polo que ésta lle oferta dez hectáreas de monte ampliables ata 30 para a instalación dunha planta de tratamento de lixo.

A día de hoxe e tralo cambio na presidencia da Deputación, hai unha total indefinición sobre a política de tratamento de residuos que fai innecesario, ao noso xuício, seguir adiante co proxecto plantexado no mandato anterior. En todo caso e dadas as dimensións da parcela, susceptible de futuras ampliacións, parece que o goberno local segue interesado en construír en Pontevedra unha Planta de grandes dimensións, xa que en caso contrario, se se pretendese realmente levar a cabo a construción dunha planta de compost para servizo exclusivo do noso concello, bastaría cunha parcela de moita menos superficie e que podería atoparse no polígono industrial. E si estamos a falar dunha planta de carácter comarcal, poderíase estudar a súa ubicación nalgún dos polígonos da comarca, pero en todo caso, cunha ocupación menor e mais racional dos terreos.

Ademais de que o proxecto presenta unha indefinición absoluta sobre a súa viabilidade económica, os Socialistas insistimos en que non ten xustificación de ningún tipo destrozar centos de miles de metros de monte para ubicar unha actividade industrial, cando na nosa ordenación urbanística xa nos dotamos de espazos apropiados para elo, como son os polígonos industriais. Unha mínima sensibilidade medioambiental debe levar ao goberno a atopar alternativas menos agresivas. Non é compatible falar de respecto polo medio ambiente ao tempo que se destrúen hectáreas de monte.

Por todo iso, os Socialistas propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- O Pleno, aposta pola compostaxe como fórmula para o tratamento dos residuos orgánicos e insta ao goberno a potenciala mediante a adopción de medidas de sensibilización social.
- Dentro dunha política respetuosa co medio ambiente, instase ao goberno municipal a renunciar a utilización dos terreos ofrecidos pola comunidade de montes da Canicouva para a construción dunha planta de tratamento de residuos, incluída a compostaxe.
- Instase ao goberno municipal a que, no caso de ter que instalar a planta de compostaxe no termo municipal, farase en solo previamente calificado como industrial. Así mesmo, e con carácter previo a adopción de calquera decisión, instase a elaborar un exhaustivo informe sobre o custo de execución e mantemento da Planta, así como a súa posible repercusión no custe do recibo que pagan os veciños de Ponte-



vedra.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

O Sr. Fernández González: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

En todo caso esta é unha nova Corporación e se rexe por novas cuestións pero o tema das mocións urxentes neste concello, dende hai moitos anos, hai un acordo tácito evidentemente pero un acordo entre todas as forzas políticas de que non se ían a poñer impedimentos a que as mocións que chegaran por urxencia, en todo caso que quede constancia de que isto ven sendo así nos últimos anos e que fai que o funcionamento do pleno e da Corporación sexa o que ten que ser e trate os temas que teña que tratar e incluso aqueles que xorden no último momento.

Con respecto á moción presentada, este é un asunto que con certos matices xa pasou polo pleno no anterior mandato polo que hoxe nos poderíamos aquí dar por reproducido o que xa dixemos nunha moción similar que presentamos no mandato pasado, o que ocorre e que dende entón xurdiron ou ocorreron algunhas cousas que embarullan un pouco todo este tema e que poñen ao goberno municipal actual nunha posición na que sen dúbida debería darnos algunhas explicacións ou dito doutro xeito, Sr. Lores, vostede esta empeñado en construír unha planta de tratamento de lixo na Canicouva mentres o seu compañeiro de partido o Sr. Mosquera, agora máximo responsable do medio ambiente provincial, opta por un sistema diferente, alonxado das necesidades de ese tipo de construcións que, si se me permite Sr. Mosquera, heille dicir que se acerca máis a súa postura actual á nosa concepción da reciclaxe e da compostaxe que a esta ocorrencia que segue mantendo o goberno municipal.

Polo tanto, o primeiro cometido desta moción e intentar aclarar cal é a postura do BNG neste tema, porque andan vostedes algo despistados e nos despistan a todos, entón vamos a ver se somos capaces de aclararnos no día de hoxe.

Vostede, Sr. Lores, asinou un protocolo alá por maio do ano 2014 co seu compañeiro de sobrecostes o Sr. Louzán polo que se comprometía a instalar en Pontevedra unha planta de tratamento de lixo que ía a acoller os residuos de a lo menos 20 concellos de a provincia, vostede a pesar da oposición veciñal decidiu seguir adiante, o que pasa é que fixeron tal chapuza, entre vostede e o Sr. Mosquera, que tiveron que artellar unha especie de parche no procedemento para sacar adiante a aceptación dos terreos da Canicouva. Fixérono con un informe moi crítico por parte do Secretario Xeral e da propia Intervención, un informe que se se analiza con frialdade e con obxectividade o que ven a dicir e que o procedemento se se me permite a expresión é unha auténtica trapallada que non soporta unha análise minimamente rigoroso pero vostedes seguiron con esa teima de destruír, como mínimo, dez hectáreas de monte para facer unha planta receptora de lixo, e pretenden envolver esta ocorrencia falando de un parque forestal pero o lixo, Sr. Lores, ten mal envoltorio, e o certo é que este asunto que ía para estrela do mandato vai pasando por diversas fases, primeiro, como digo, ía a ser o eixo do seu novo proxecto, iso de novo é un dicir, tómese con ironía. Vostede e o anterior presidente da Deputación firman un protocolo, se reuniron con canto amigo encontraron por alí e canta asociación se lles ocorreu, montaron unha boa parafernalia, heino de dicir que, dende o punto de vista mediático, foi moi boa, magnífica, ata que claro algúns empezamos a ver o protocolo e avisamos de que o que se estaba contando non era certo, había outras cousas detrás do protocolo ese que firmaron, alí no protocolo non se falaba de residuos orgánicos, falábase

de residuos sólidos, de todos os residuos sólidos, e nós xa dixemos naquel momento, se queremos compostar compostemos pero fagámolo ben, fagámolo con un certo sentido, porque a recuperación do lixo é un proceso industrial e polo tanto pódese facer nun terreo industrial, calificado como industrial.

A partir de aí a xente empezou a darse de conta de que a cousa non era como a pintar vostede e comezaron certas dificultades, primeiro foron os veciños de Campañó, despois foron os veciños de Verducido, os veciños de Marcón, a mancomunidade de montes, todos rexeitaron a instalación, moi boa non debía ser non, pero non rexeitaron a compostaxe, rexeitaron o seu proxecto Sr. Lores, todos, ata quedaron vostedes coa comunidade de montes de A Canicouva, fóra de prazo, sen ningunha garantía administrativa, todo moi embarullado. Nese momento xa vostedes non podían explicar por que se necesitaban dez hectáreas de monte ampliables a trinta, para recuperar residuos orgánicos, xa non podían explicalo; tampouco podían explicar por que o seu proxecto se parece como unha gota de auga a outra ao que ten previsto a Xunta para o sur de Galicia e que prevé unha instalación de recepción de todo o lixo. Tampouco se puido explicar por que se necesita unha planta receptora de entres 25 mil e 30 mil toneladas ano. E tampouco puido, ou supo, ou quixo explicar que pintaba a Xunta neste proxecto e a cambio de que se ía montar unha macroplanta na Canicouva, unha macroplanta que foi moi aplaudida pola concelleira responsable do medio ambiente da Xunta de Galicia, de iso tampouco se explicou nada.

Porque estas cousas, Sr. Lores, nunca son gratis, recibir o lixo de 20 concellos parece que se se fai parece que non debe ser gratis, entón sería bo que se explicase por que se aceptou, non, e nunca se aceptou explicar por que.

E así, despois de esta breve historia, chegamos ao punto onde pasaron vostedes da parafernalia á nocturnidade e aprobaron vostedes a proposta da Canicouva así con un pouco de vergonza, xa sen grandes alharacas, non houbo grandes comunicados, nin postas en escena, iso que tanto lle gusta a vostede.

E como esta o asunto agora?. Dende o noso punto de vista está bastante embarullado porque como o goberno que vostede dirixe, así un pouco manga por hombro, houbo un cambio de goberno na Deputación e o novo goberno as competencias en materia de medio ambiente recaeron nun deputado do BNG e ese novo goberno decidiu aparcar ou rexeitar, non o sei moi ben, o proxecto de xestión de residuos sólidos que se manexa no anterior goberno na Deputación. Remodelou toda a política nesa materia e ven avanzando unhas liñas xerais de novo proxecto das que nos vamos enterando así por contagotas na prensa, pero para que conste, como xa lle dixen Sr. Mosquera, a min a música dese novo proxecto non me desgusta, veremos a letra, pero a música non me desgusta pero me parece, en todo caso, que ten bastante máis sentidiño que a barbaridade anterior na que vostedes tamén colaboraron, pero ao César o que é do César e nunca mellor dito.

A pregunta que si xúrdeme a min agora é se cambiamos de proxecto e nos vamos a un proxecto moi diferente, se planificamos un sistema de compostaxe chamémoslle comunitario para que raios queremos destruír dez hectáreas de monte, a min non me encaixa e dende logo no que se nos conta da Deputación tampouco encaixa. Para que queremos esas dez hectáreas, Sr. Lores, porque vostede sabe que a xente se volve moi mal pensada, se as cousas non se explican a xente se volve moi mal pensada e enseguida lle empeza a dar á cabeciña, entón é conveniente explicar as cousas. Como se financiaría esa suposta planta de compós?, porque insisto co plantexamento que se esta facendo dende a Deputación dificilmente tería encaixe salvo que queiran facer unha cacicada; canto custaría esa planta de compós?; de onde sairían



os cartos?, porque despois de pagarlle a SOGAMA no ano 2016 imos a quedar como un pouco xustos de remanentes, xa veremos senón entramos en inestabilidade, o que é a nosa capacidade de inversión vaise a ver moi limitada.

E no caso de que solventásemos todos eses problemas e chegásemos a montar, a executar esa obra, canto custaría ese mantemento, porque se un le os informes, os informes elaborados polos técnicos son tan nebulosos que non din nada, é moi difícil establecer canto nos custaría iso, non só a execución senón o futuro mantemento e a nós gustaríanos de verdade ter explicacións claras sobre ese asunto e supoño que os veciños de Pontevedra e as veciñas de Pontevedra tamén porque ao fin e ao cabo esta megalomanía vámolos pagar todos e todas, e vostedes que falan tanto de transparencia pois sería bo que se se aplicasen.

Nós traemos aquí unha proposta, que dou por reproducida e polo tanto non vou a ler, baseada no sentido común, unha proposta onde se recoñece a aposta pola compostaxe, a necesidade de seguir apostando pola compostaxe, pero unha proposta racional e sensata, non vale encherse a boca de ecoloxismo no punto terceiro o cuarto da orde do día e logo contribuír a destruír dez hectáreas de monte neste punto da orde do día, en política as incoherencias se pagan, as incoherencias se pagan. Entón, só pedimos que vostedes sexan coherentes e nos digan que é o que van a facer se que é que van a facer algo e, en todo caso, lle pedimos que apoiem a proposta do Partido Socialista que parece bastante máis sensata que esta ocorrencia que vostede está plantexando.

Nada máis, moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Fernández.

A continuación intervén dona María José Rey Martínez, concelleira do grupo mixto - C's.

A Sra. Rey Martínez: Gracias.

Efectivamente soy nueva en la Corporación y no participé en ningún acuerdo tácito, de todas formas teniendo usted una dedicación exclusiva no entiendo que no tenga tiempo de entregar las mociones en plazo, lo puedo entender por la presión vecinal de una de las parroquias en las que aún tienen un número significativo de votos pero eso para nosotros no es urgente.

Nosotros no tenemos demasiada información sobre la planta que se quiere crear y, evidentemente, sobre el impacto medioambiental que tendría, pero efectivamente hay una preocupación por parte de los vecinos y como entendemos que esta es una moción sería le daremos un si condicional a que nos propongan ese terreno industrial donde se podría ubicar.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Rey.

Seguidamente, concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, Sr. Presidente. Moi bos días a todos.

Todo el mundo conoce cual es la postura del Partido Popular con respecto a la planta de compostaje en Pontevedra, saben que desde el principio dijimos que no apoyaríamos ninguna planta de compostaje, la ubicación de una planta de compostaje, si

esa ubicación no contaba con el apoyo vecinal, o dicho de otra manera, si tenía rechazo vecinal no la apoyaríamos, estuvimos esperando pacientemente cuales eran los movimientos del gobierno de Pontevedra, movimientos bastante opacos, oscurantistas, en silencio, y poco sabíamos hasta que un día salió una ubicación por sorpresa en la Canicouva y nosotros después de escuchar a los vecinos y de visitar el lugar concluimos que no había el apoyo vecinal necesario para que una instalación de este tipo pudiera salir adelante con nuestro apoyo, por lo tanto ese fue nuestro posicionamiento. Por el camino se quedaron pues el juego de las adivinanzas aquello que salía el Sr. Mosquera, que hoy afortunadamente nos tiene más abandonado porque está más en la Diputación, salió diciendo un día oro parece plata no es, es un monte, es bonito, hay un río cerca, es decir, fue una broma y esto lo que generó al final fue una intranquilidad, una cierta alarma en las quince parroquias de Pontevedra porque cualquier vecino estaba con el miedo de saber que a lo mejor delante de su casa le podían poner una planta de compostaje, esta era la falta de transparencia con la que vino actuando el Ayuntamiento de Pontevedra, el gobierno de Pontevedra.

Ustedes ya sabían donde la iban a ubicar, desde tiempo antes, lo que pasa es que no lo decían y sólo lo sabían ustedes y lo sabían los propietarios del terreno que yo entiendo que estén de acuerdo con esa ubicación los propietarios porque evidentemente esto les va a reportar un ingreso lucrativo para su comunidad de montes y yo lo entiendo y lo respeto pero nosotros pensamos en los vecinos de Ponte Sampaio que desde el principio se manifestaron en contra de esta ubicación y que, por cierto que yo sepa, Sr. Alcalde, a día de hoy sigue usted sin recibirlos si mal no recuerdo.

Bien, ahora después del lio que montaron en el anterior mandato vienen ya con el tema como si fuera un proceso público, ya con propuestas, con yo estoy convencido que eso ya lo tenían pactado de antemano y ahora el Sr. Mosquera que campa a sus anchas por la Diputación ya con mando en plaza, esta promoviendo el tema de los mestres composteiros, no se si es la solución al problema de desempleo que hay en Pontevedra, pero si la solución es que esparzamos la basura por todo el municipio y que cada uno trate su basura yo no le veo mucho futuro a eso, pero en todo caso lo que si estamos viendo es que es verdad, como dice la moción del Partido Socialista, que es necesario poner una serie de condiciones a nuestro Ayuntamiento para ubicar una planta de este tipo y en ese sentido coincidimos con la propuesta y con el contenido de esta moción y la vamos a apoyar.

Todos sabemos que se escondía detrás de esta maniobra del gobierno, estaba claro que detrás de esto subyacía la insumisión al canon de SOGAMA que ustedes tenían un problema con una empresa a la que no pagaban, a pesar de tener el dinero porque los vecinos de Pontevedra si que pagaron ese dinero lo que pasa es que ustedes lo gastaron en otras cosas, lo gastaron porque de hecho han tenido que buscar dinero para pagar lo de SOGAMA cuando no entiendo por qué porque ese dinero estaba ahí, los vecinos lo habían pagado, y por eso hicimos el otro día una modificación de crédito quitando otras partidas para poder pagar esta deuda con SOGAMA, y esto es lo que subyacía que ustedes tenían un conflicto personal, personal, de partido con SOGAMA, no querían pagarle, no querían depender, y trataron de buscar una alternativa para desviar la atención y que no se hablara de SOGAMA y que pareciera que ustedes quince años después de andar diciendo que criticaban a SOGAMA, claro se quedaban sin discurso porque yo se lo dije aquí, Sr. Alcalde, en uno de los plenos, usted lleva 16 años criticando a SOGAMA y yo estoy esperando todavía que me haga su propuesta y a raíz de aquello fue cuando vinieron ustedes con la propuesta de la planta de compostaje, la apoyamos desde el principio pero con una condición,



creo que fui bastante claro Sr. Alcalde, con una condición que no generara rechazo vecina y generó rechazo vecinal, por lo tanto no se cumplió la condición, por lo tanto, en consecuencia, no tienen el apoyo del Partido Popular y así se lo dijimos.

Por tanto, en consecuencia, vamos a apoyar esta propuesta, yo lo que si le pediría es al portavoz del Partido Socialista si se pudiera, si aceptar incluir un punto más o un matiz salvaguardando la tranquilidad de los vecinos y añadiendo que la ubicación que se elija, en todo caso, no pueda tener rechazo vecina y, en todo caso, aunque no la admita la vamos a apoyar igual pero creo que quedaría más acorde con la demanda de los vecinos particularmente de Ponte Sampaio que van a ser los afectados.

Nada más y muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Moreira.

Seguidamente, intervén o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Grazas Sr. Alcalde.

Estou equivocado ou o Sr. Moreira vai ir dentro de ano e medio para a Deputación, entón xa nos veremos alí, parece que nos bota de menos, aí verémonos pois, alí e aquí, vai quedar vostede suficientemente saturado.

Ben, con respecto ao contido, por repetir falsidades unha vez si e outra tamén non por iso van a chegar a ser verdade. Foi unha bandeira tanto do PSOE como do PP, na campaña electoral, o intentar tumbar as posibilidades de que Pontevedra tivera unha planta, non parece que con grandes resultados pero seguen erre que erre, e seguen erre que erre terxiversando a realidade, mire, houbo un concurso público agora e puido presentarse quen quixo igual que antes, e nós non buscamos os terreos como vostede sabe senón que foi a comunidade de montes a que os propuxo, como antes intentou a comunidade de montes propoñelo en Campañó e noutros lados, e outros privados tamén o fixeron.

Entón temos que escoitar que unha planta para 25 ou 30 mil toneladas ano, claro, se un non sabe de que está falando pois igual asusta a calquera, pero é que resulta que Pontevedra produce 33 ou 34 mil toneladas ao ano, si, si, de todo, 39, fíxense vostedes, 25 ou 30, evidentemente.

Ben, a historia está aí e eu non creo que vaia a pena pasarse o tempo e demais pero antes de que a Deputación poña enriba da mesa, por escrito, por documentos, cal é o seu plan, antes de que en este concello se defina que é o que se quere facer ou se dean as explicacións na comisión ou onde sexa, cousa para a que me ofrezco, o que se demostra é unha actitude absolutamente de principio en contra intentando..., se nos pode encher a boca dicindo que estamos a favor da compostaxe, por certo non o estábamos hai uns meses. Tamén temos que escoitar que este goberno desbotou o anterior plan, non, non, desbotouno o anterior goberno na Deputación, sexamos precisos, desbotouno o anterior goberno, non foi este, entonces todos sabemos como naceu, quero dicir que evidentemente había un plan provincial que despois quedou desbotado porque tiña unhas bases bastante pouco sólidas e non por eso nós nos opuxemos porque cremos que todo o que se poida avanzar, aínda que haxa certa dúbidas, era positivo.

Ben, pero chegamos ao momento actual, mellor dito non chegamos ao momento actual, chegamos a xuño e a xullo, e en xuño recollendo a normativa europea e a esta-

tal e as últimas aportacións en custes de funcionamento dos sistemas de tratamento de residuos, o MAGRAMA, que eu sepa neste momentos gobernado polo PP, saca un documento, por certo bastante neutro no sentido de que o que recolle non se nota así polo menos en primeira lectura ningún tipo de sesgo máis ou menos que identifique partidariamente, ou sexa que si estivera outro goberno sería parecido pero quen o sacou foi o MAGRAMA do PP que lle chaman o PEMAR no que fixa por onde deben ir os novos modelos de tratamento de residuos recollendo a normativa europea, xa digo as instrucións aclaradas etc.

Entonces, despexado o camiño, o camiño que se empezara hai catro anos, en catro anos as cousas cambian bastante, do plan provincial de residuos e vistas as novas, o que se está propoñendo no PEMAR pois adaptámonos a iso e seguimos xestionando, entonces que é o que recomenda o que vai ser norma xa vai ser o 2016 pero obrigatorio, incluso con sancións no 2020, pois varias cousas: a primeira, recomendar encarecidamente que o mellor residuo é o que non se produce, como sempre, aquí en Galicia temos uns cantos exemplos que estamos traballando agora e sacando a aflorar, de almacéns de froita ou supermercados que lle dan os residuos, igual haberá que regularizalo, á xente que ten porcos ou ten vacas ou ten galiñas, co cal fantástico. Agora, unha vez que o residuo ten que entrar no circuíto pois procurar o tratamento o mais cerca posíbel para evitar os custes e a contaminación dos desprazamentos, co cal nos esta dicindo que intenten facer in situ ou o máis certa posíbel o tratamento e non meter os residuos no circuíto de, digamos, de contedor, transporte, planta.. e de aí ven precisamente o intentar resolver o dos orgánicos vía composteiros individuais cando sexa posíbel e vía composteiros comunitarios que é unha fórmula que non é viábel en concentracións urbanas densas, por iso a Deputación está apostando e o Concello de Pontevedra tamén, pronto terán noticias, en empezar en plan experimental con composteiros comunitarios pero en ámbitos nos que realmente cumpra coas condicións técnicas para funcionar ben, co cal intentaríamos sacar do medio, non meter no circuíto de residuos un 20, un 30 ou se cadra un 40 por cento dos orgánicos que produce Pontevedra, pero quedan outros, quedan outros que non se van poder tratar así.

E hai outro segundo aspecto sumamente importante que é que nese PEMAR tamén di que se vai prohibir que se vaian ao vertedoiro ou a incinerar residuos orgánicos que non estean estabilizados, que non estean tratados, correcto, polo tanto, incluso no caso de residuos orgánicos mal separados en orixe vai a haber que facer algo antes de mandalos a SOGAMA, vai a haber que facer algo, ben esa é a situación, a parte do xa coñecido que é o 50% e para iso hai que meterse e o que sexa orgánico hai que tratalo pero iso xa o supoño.

Entonces cal é o horizonte nestes momentos na provincia de Pontevedra?, falado con bastantes alcaldes e alcaldesas de todos signo político, en un estado algúns xa bastante avanzado e, en outro, máis incipiente, o horizonte é que non vai a haber só a planta na Canicouva, vai a haber na provincia pois como 7, 8 ou 9 e de todo signo político, por que?, porque resulta que, primeiro, é unha obriga legal; segundo, é moi to máis ecolóxico; e, terceiro, é máis barato.

Entonces esa é a situación na que nos encontramos que é unha obriga legal, se cadra agora evidentemente eu agardo que vostedes teñan cando menos aspiración que no 2020 ter a posibilidade de gobernar este Concello e resulta que igual empezan a caer sancións económicas porque non o fixemos este e máis outros, despois botarannos a culpa a nós, sexan un pouquiño responsables e polo tanto a cuestión afrontémola como a temos que afrontar e non intentando axitar asuntos que pouco



ou nada teñen de transcendentales e nos levan a desviarnos do fundamental.

Ben, aquí non houbo xa ningún intento de desvío como aquel do Sr. Moreira que quería levar o crematorio ao polígono industrial, custoulle a Alcaldía ao seu compañeiro o chiste, custoulle a Alcalde; e tamén houbo o PSOE que o falou do polígono de Barro-Méis e saltou, vamos, andar salpincando estas cousas cando está circunscrito co acordo unánime da parroquia que cede os terreos e que corresponde perfectamente con todos os parámetros máis avanzados medio ambientalmente nestes momentos e que é normativa.

Por certo, ata onde preguntei, pode ser algunha rara, ata onde preguntei e se mirou, ningunha das plantas de compostaxe que existen no entorno, no Estado e incluso en Italia, están en un polígono industrial, ningunha, entón agora de repente queremos sabotealo pola vía de ir buscar pretender imposibles e enganchamos co dos terreos.

Mire, nós o que pretendemos e así o recomenda tamén o PEMAR, léano por favor, léano porque está en período de consultas e iso non se vai a varias obviamente, e intentar pechar o circuíto, entón se vostede ten unha planta que se produce compós e se de clase A-B, vai para a agricultura; pero se é de clase C ou é aproveitable para rexenerar montes, aínda que non sexa de clase C o normal é que estea ao lado do monte para poder facelo, para non meter custes outra vez de desprazamentos de levar o compós, por iso se asocia como onte, por iso se asocia, que iso a parte este, léano por favor documento que recolle todo. Entón nós máis ou menos..., digamos que é un refrito de todas as directrices pero as outras xa as coñecíamos, máis ou menos é o que queríamos recoller e demais.

Insisto, se vostedes queren facer aquí de punta de lanza para que a provincia de Pontevedra, concellos de todo signo político, basicamente do PSOE e do PP, porque son os que teñen máis na provincia ademais, empecen xa a ter problemas antes de empezar e están decididos a empezar por esta liña, alá vostedes. Agora, xa digo, non estou autorizado a dicir aquí exactamente onde pero asegúrolle que estamos falando pero falado xa en concreto de unhas 7 ou 8 plantas na provincia, polo tanto non vai ser toda a provincia para aquí nin nada que se lle pareza, precisamente pola cuestión de distancias e pola cuestión de evitar portes, o máis cerca posible é outra recomendación do PEMAR tamén, o máis cerca posible.

Con respecto aos custes que tamén se axita. Mire, se os cidadáns de Pontevedra, os cidadáns de Poio, os cidadáns de Marín, os cidadáns de A Estrada, de Caldas, de Vilagarcía ou o que sexa, en calquera dos concellos, logran con este deseño, cifras en man e contas feitas, logran digamos unha separación en orixe case perfecta podemos estar falando da metade, máis ou menos pode chegar a baixar o custe o 50% no caso óptimo, evidentemente é difícil de conseguir, hai exemplos de concellos en que están cobrando se cadra sesenta euros e non lle dá déficit, pouquiños por agora, cando co sistema que temos actualmente de 60 euros, máis ou menos, está cobrando a terceira parte, os concellos cobran 60 euros e están cobrando a terceira parte do que custa realmente, máis ou menos, pódese reducir perfectamente, digo no caso de Pontevedra e no caso dos concellos, pódese reducir perfectamente.

Creo que o obxectivo é lograr un tratamento máis ecolóxico, máis barato, e seguindo as recomendacións creo que é un obxectivo que vale a pena independentemente destas cousiñas de darlle voltas e voltas e voltas a ver se picamos algo.

Mire, eu pediríalle que retirara a moción, comprometémonos a explicar todo o que queirades, por certo na Canicouva o concurso no que só se presentou a Canicouva non está resolto, di que está resolto, non está tampouco é igual, imprecisión hai unha

salva, pediríalle que a retirara e comprometémos a explicar todo o que queiran e pediría a súa colaboración con este obxectivo, a súa colaboración, eu agardo, agardo que teñen polo menos aspiración porque como sigan así non vai pasar, pero agardo que teñan polo menos a aspiración de algún de vostedes gobernar no 2019 ou no 23, cando sexa e, polo menos, ir da man a conseguir un sistema que nos mellores a todos ambientalmente e economicamente, ten todo o ofrecemento par facelo, todo, como no mandato pasado na Deputación, e teño que dicilo así, o presidente da Deputación, creo que era do seu partido, non sei se segue sendo, creo que tamén, e está de presidente provincial, entonces fixo un ofrecemento de poder chegar e de sacalo para adiante e sabendo que as bases non eran as máis sólidas por una serie de cuestións, sería un pouco longo, nós non nos opuxemos e si colaboramos, creo que foi un exercicio de responsabilidade do que estou moi orgulloso e os paos que tiveron que escoitar aquí neste pleno e noutros lados, porque si aliados con Louzán, non estamos aliados con Louzán nin con Popó, estamos aliados con algún camiño que polo menos vaia en dirección de mellorar a dirección desastrosa que temos neste momento nos residuos.

Eu faría un chamamento, retiren a moción, faría un chamamento a que cambiaran este tipo de actitudes e teñen a porta aberta francamente e creo na súa boa intención e agardo ter a colaboración.

Nada máis.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Neste asunto creo que as posicións de todos están tan claras que igual non hai que darlle moitas máis voltas pero si hai que dicir unhas cantas cousas.

Fala vostede de falsidades pero home, Sr. Mosquera, vostede algunhas tamén di e tamén embarulla bastante porque ao final do seu discurso solo hai ruído e barullo, moitas aclaracións non parece haber, en todo caso dá a sensación de que en Galicia hai 300 parvos que gobernan 300 concellos que non se deron conta do magnifico que é unha historia e que só se deu conta o Sr. Lores e o Sr. Mosquera e non é así.

Mire, a primeira falsidade é colocar a aquel que non coincida con vostede en contra da compostaxe, esa é a primeira falsidade; nós, os socialistas, sempre dixemos que estábamos a favor da compostaxe, vai na moción, pero se dixo por activa e por pasiva, polo tanto non é certo que todo aquel que non coincida con vostedes estea no eixo do mal, nós cremos na compostaxe, non diría que máis pero tanto como vostedes, tanto como vostedes, polo tanto déixense de repetir esa falacia de que nós estamos en contra da compostaxe e da reciclase.

Mezcla vostede as cousas, evidentemente neso é vostede un maestro, e un maestro da mistura e nos di que claro Pontevedra produce entre 25 e 30 mil toneladas ano de residuos, de residuos sólidos, de todo, que me está dicindo que vai ir todo para a planta da Canicouva, que esa era a pretensión que tiña o Concello, porque claro senón non sei por que o di, porque se supón que para a Canicouva van a ir esas 9 mil, 10 mil, 12 mil toneladas ano de residuo orgánico, entón vostede está metendo todo na batidora para mezclalo pero claro a veces di cousas, se lle escapan porque cando un fala moito tende a dicir cousas ao mellor inconvenientes e fala cousas que son inconvenientes e claro coincide con ese protocolo que vostedes firmaron en



base a un proxecto que vostedes apoiaron que agora renegan del, agora renegan pero vostede na Deputación apoio un proxecto que logo o presidente da Deputación anterior rexeitou, pero é que vostede o apoiou e o Sr. Lores firmou un protocolo baseado nese proxecto e nese protocolo falaba de residuos sólidos, non falaba de residuos orgánicos, falaba de residuos sólidos, e firmaron vostedes, firmouno aquel señor que está alí sentado e firmou que ía a vir para Pontevedra o lixo todo de 20 concellos, firmouno aquel señor que está alí sentado, e entonces empezaba a haber problemas porque eso de que todos estamos de que todos queremos todo, si pero mire cando lle puxeron enriba da mesa algunhas comunidades de montes lle dixeron que non, por algo sería, non fomos os malvados socialistas os que fomos por aí dicindo que non, foron as comunidades de Montes, a propia mancomunidade de Montes que non é sospeitosa, creo eu, lles mandou un bo recado. Polo tanto, cando falamos de protexer o medio ambiente, a ver, vostedes están para protexer o medio ambiente ou non?, como se protexe o medio ambiente destruíndo dez hectáreas de monte ou de solo forestal, que é iso de protexer o medio ambiente montando unha industria en un monte, a min non me cuadra moi ben, sobre todo porque neste país todos nos demos unha ordenación que di que as actividades industriais teñen que estar en solo calificado como industrial porque para eso nos dimos esa ordenación. Di vostede “é que non hai ningunha no mundo”, pois ao mellor temos que ser os primeiros, ao mellor tamén nos dan un premio por eso, ao mellor nos dan un premito tamén por iso, modelo distinto, Sr. Lores, como idea pode ser interesante.

Entón, non me veña con esas historias de que parece que só vostedes son capaces de ver o futuro e ademais nos fan asumir, como xa dixen en algún pleno, exercicios de fe, de crer no que vostedes din, pero no fondo da cuestión é que vostede non me dixo nada, non me dixo canto vai a custar, non me dixo como se vai a pagar, non me dixo como se vai a financiar, non me dixo como vou a repercutir eso no recibo dos veciños, non me dixo nada, non me dixo cantos concellos van a verter alí, non me dixo cantas toneladas se van a verter alí, é que non me dixo nada. Me fala vostede que é un proxecto magnífico pero senón hai proxecto, home, os exemplos que temos cerca de aquí de plantas de compós, aí no Barbanza e tal, son desastrosos, vaia vostede e míreo, pero non vaia a planta, vaia un quilómetro fóra da planta a ver o que hai, mire o río, eso é o que hai alí, eu non digo que iso teña que ser así porque evidentemente hai cousas que se fixeron mal e que se poden facer moito mellor pero, insisto, non entendo porque hai que destruír o monte, porque un partido político, unha forza política tan vinculada á defensa do noso medio ambiente de repente cambia neste caso e decide destruír monte para construír algo que se pode construír noutro asentamento, neste caso en solo industrial.

Di vostede, vostede xa reconece que o compós vai a ser de mala calidade, di vostede se é A ou B vale para tarefas agrícolas pero non se preocupe que se e C botámolo no monte, non, Sr. Mosquera, non, o compós non rexenera o monte porque o compós non é solo, fáltanlle componentes para ser suelo, polo tanto se vostede o bota no monte vaise, eu son de letras pero iso calquera persoa de ciencias llo explica moi ben, o compós non é suelo, polo tanto se vostede o bota no monte non rexenera, calquera llo pode dicir pero aínda así, aínda así, que pasa, que vamos a rexenerar o monte con compós de clase C, o que non vale o tiramos no monte, magnífico xeito de defender o medio ambiente, magnífico xeito de defender o medio ambiente.

Mire, vostedes teñen que aclararse, vostede iniciou agora unha andadura na Deputación provincial e iniciouna con un plantexamento que, insisto, a min non me desgusta, a min non me desgusta o que oíu, pero que non coincide evidentemente con plantexamento que vostede está facendo aquí no Concello de Pontevedra a min me pare-

ce que..., non digo que estean enfrontados un co outro pero case case, polo tanto sería necesario que vostedes aclarasen a súa postura porque creo que sería bo para os veciños e veciñas de Pontevedra.

En todo caso nós vamos a seguir mantendo na nosa proposta, cremos que é una proposta moito máis sensata, que é unha proposta moito máis equilibrada, por certo asumimos o procesamento o portavoz do Partido Popular de incluír na nosa moción esa matización, que evidentemente alí onde se instale non pode haber..., non pode xerar crispación pero evidentemente se se vai a instalar nun polígono industrial supoño que non xerará ningún tipo de crispación, non; a vostede pode darlle moito a risa pero a min non me fai moita gracia este tema, entón creo que sería bo que vostedes que, insisto, iniciaron este procedemento dándolle a idea de que este ía a ser o elemento estrela, parece que cada vez vai perdendo máis forza e que cada vez van vostedes intentando axustalo a unha situación que lle vai a reventar, lle vai a reventar porque non van a poder facelo, non van a poder facelo, nin sequera dende o punto de vista económico. Sería moito máis lóxico que asumiran vostedes que non son infalibles aunque o crean non son infalibles e que é posible chegar a acordos coas demais forzas políticas, cos veciños e cos movementos veciñas e coa mancomunidade de montes e buscar un lugar máis axeitado.

Eu sei que aínda que me esforce non vou a ser capaz de convencelos que isto é como predicar no deserto como Simón, creo que era Simón o que predicaba no deserto, pero a miña obriga porque así é o compromiso dos socialistas neste tema. Pido, unha vez máis, o voto para a nosa moción e sobre todo pido sensatez á hora de tomar decisións polo goberno municipal.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

Sr. Moreira, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Sr. Mosquera, aquí ya le conocemos, entiende, no nos venga usted con que fue un proceso público, ahora no terminó el proceso, estamos tramitándolo con transparencia. Ustedes tenían elegido el sitio desde el principio y luego hicieron el paripé del proceso público, igual que en otros casos primero hicieron una obra y luego licitaron la obra para vestirlo bonito pero la obra ya estaba hecha y se acuerda usted perfectamente de a qué me refiero, a que si.

Por lo tanto, no se equivoque o no haga que se equivoca usted porque sabe perfectamente que no estamos en contra y la moción que presenta el Partido Socialista y por eso la apoyamos así lo refleja, no estamos en contra del compostaje, no estamos en contra de que haya una planta en Pontevedra, ahora me gustaría saber que usted nos dijera, que nos garantizara y lo dijera aquí que quedara en el acta, si en esa planta sólo se van a tratar residuos de Pontevedra, no de otros ayuntamientos, punto número uno; segundo lugar, el problema es la ubicación, nosotros le hemos afeado dos cosas, en primer lugar, la forma en la que eligió la ubicación, totalmente disparatada, parecía usted un niño pequeño jugando a las adivinanzas y en segundo lugar que se ubicara en Canicouva cuando los vecinos afectados de Puente Sampaio que son más que los de Canicouva como usted bien sabe, no están de acuerdo con esa ubicación, evidentemente los propietarios están encantados porque supongo que como van a percibir una renta cualquier comunidad de montes estará encantada, sólo nos falta saber si los trabajadores ya están seleccionados es lo único que nos falta por saber porque tiene usted tanta insistencia en que se haga ahí por lo civil o por lo criminal que no entiendo esa cerrazón a que usted no quiere aceptar que hay



que hacer las cosas en un sitio donde no molesten a los vecinos y creo que el crematorio de la Reigosa le debería servir e ejemplo porque la Reigosa es suelo industrial y el trabajo que hicimos nosotros tenía que haberlo hecho usted, usted o el responsable del ramo en ese momento en el gobierno, por lo que hay que hacer es buscar soluciones los vecinos. Ustedes ahora están empeñados con hacer la planta de compostaje en Canicouva porque si y para eso hace lo que haga falta, se traen una persona aquí a Pontevedra a dar una charla, una persona totalmente objetiva, imparcial, sólo le han pagado el billete de avión, el hotel, el transporte para que obviamente este señor no iba a hablar en contra, si, si, tenemos las facturas, no iba a hablar en contra de ubicar una planta de compostaje en Pontevedra y en Canicouva, solo faltaba, solo faltaba Sr. Mosquera, pero su forma de trabajar ya nos la conocemos en Pontevedra, muchos, cada vez más.

Entonces, salga de esa cerrazón, quítese las orejeras esas que parece que le dan a su partido y acepte que la ubicación de la planta tiene que ser compartida con el mayor consenso vecinal posible, no la puede poner usted por decreto por muy diputado provincial que sea usted ahora mismo.

Entonces espero el consenso por su parte y que le quede claro, y no ande por ahí torticeramente como hace siempre torciendo las palabras de la oposición, diciendo que hicimos una cosa, cuando no estamos en contra del compostaje pero estamos, somos sensibles a los vecinos y los vecinos no quieren esa planta ahí, por lo tanto busque usted un sitio, anda que no tendrá Pontevedra en 120 kilómetros cuadrados, usted la quiere poner en Pontevedra, una ubicación y sino búsquela en otro sitio pero no tiene porque ser en Pontevedra forzosamente.

Por lo tanto, vamos a apoyar esta moción, le agradecemos al portavoz que incluya esa matización porque creo que es importante en la moción y lo único que le pedimos es que se suba usted a esto que esto no es una moción contra el compostaje sino todo lo contrario,

Nada más y muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Moreira. Quedoume moi claro o tema. Sr. Mosquera, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Moi brevemente.

Aquí hai unha actitude de prexuízo, por certo, non hai ningunha proposta, ou sexa, hai unha proposta que fixeron unha parroquia por unanimidade e non se fai ningunha outra, que se busque outro, correcto, pero non se fai, eso senón é sabotear chámese como se queira, non vale esa búsquese outra.

Con respecto a que solo para Pontevedra, non sei se antes quedou suficientemente claro pero creo que cos criterios que se deron é obvio, pode ser Pontevedra e como moito pois ao mellor Soutomaior ou Ponte Caldelas, como moito. A ver, e obvio que esta moción ten unha intención moi fea, moi fastidiada e que imaxínome que vai ter algunha consecuencia, a moción o único que pretende é o que está por escrito e etá na Deputación sabotealo o PSOE dende Pontevedra. Non sei se é como resultado de que había aspiracións de que algún tipo de acordo ou algún tipo de influencia ía ter o PSOE de Pontevedra dentro do grupo provincial, que ao final non tivo e esto é intentar sabotear o que está firmado, ratificado e escrito no pacto de goberno da Deputación, alá cada un ca súa responsabilidade e me imaxino que o PP agora se estará frotando as mans porque o PSOE de Pontevedra intenta rebentar o acordo asina-

do publicamente entre o PSOE e o BNG na Deputación creo que moito máis que dicir non hai.

O Sr. Alcalde-Presidente: Comparto totalmente as palabras do Sr. Mosquera. Sr. Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Como non pode ser de outro xeito. Eu non teño ningunha dúbida de que vostede as palabras de Mosquera, non sei se Mosquera comparte as súas pero que vostede comparte as de Mosquera segurísimo, entre outras cousas porque é o que pensa.

Consecuencias, Sr. Mosquera o problema de vostede é un problema de bipolaridade política neste momento, vostede está aquí e alí e entón ao final non está nin aquí nin alí, non está en ningún lado e vostede non atopa o seu sitio todavía, non é capaz de atopar o seu sitio e entón defende unha cousa e a veces a contraria, non lle queda máis remedio. Eu teño unha vantaxe e é que defendo os intereses dos que me votaron que son os veciños de Pontevedra, polo tanto as consecuencias son que nós teñamos unha postura..., por certo, que está vostede dicindo que a postura do Partido Socialista variou con respecto á que tiñamos cando presidía a Deputación Louzán?, non, non variou; a postura do Partido Socialista de Pontevedra é a mesma agora que con Louzán, a súa non sei, porque que eu saiba aquel plan de residuos de Lourzán vostede non votou en contra, que eu saiba, igual estou equivocado e non lin ven, pero vostede deixouno pasar, como que tal, non. A postura do Partido Socialista de Pontevedra non variou nin vai a variar, por moitos acordos que haxa na Deputación e se iso supón unha discrepancia co Partido Socialista na Deputación pois será pero a min me votaron para defender os intereses dos cidadáns de Pontevedra, a vostede non sei para que, a min me votaron para eso.

Polo tanto, non embarulle, céntrese, céntrese e decida se quere ser concelleiro de Pontevedra e defender os intereses dos cidadáns de Pontevedra ou Vicepresidente da Deputación e actuar contra os intereses dos veciños de Pontevedra, eso é unha decisión que ten que tomar vostede pero non embarulle que xa sei que é vostede un maestro en embarullar, e vostede espurruña para todos lados, é un maestro neso pero non embarulle con temas que creo que son bastante sensibles pero en todo caso eu non vou a falar das súas cuestións orgánicas internas e de quen manda no grupo municipal, xa o dixo ben claro o Alcalde quen manda no grupo municipal e, por tanto, non vou a embarullar nese tema.

Por certo, para algo valeu a moción, valeu para que hoxe na páxina web do Concello xa figuren como parroquias de Pontevedra Canicouva e Ponte Sampaio, porque onte non figuraban, onte non estaban como parroquias, logo mandarei ao meu amigo Vicente que creo que ten algunha responsabilidade neso lle mandarei un pantallazo de como está a páxina web de ayer onde nas parroquias de Pontevedra faltaba Canicouva e Ponte Sampaio, hoxe xa están, xa conseguimos algo, non pero voucha mandar para que a teñas ti home non me o tomes a mal que xa sabes que eu te quero moito.

Nada máis, moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Fernández. Como o tema está moi claro, moi debatido, imos a sometelo a votación. Eu non o entendín moito pero se o aclara o Sr. Fernández.



O **Sr. Fernández González**: A ver, a emenda, a proposta que fixo o Partido Popular é a de incluír que dentro da ubicación, das posibles ubicacións en suelo industrial non se generara crispación veciñal.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: É unha pregunta. A cantos quilómetros a crispación veciñal?. Se é a un quilómetro vale se é a tres non, e que eu non sei porque a crispación veciñal é unha cousa moi ampla.

Contesta o **Sr. Fernández González**: Pregúntelle a Mosquera que sabe el.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Non, Mosquera non fixo esa proposta, eu pregúntolle ao Partido Popular se me di exactamente de que veciños, de onde son os veciños que están crispados, se son a un quilómetro da planta, a tres ou a cinco, é que non o sei, é que non o sabemos.

Contesta o **Sr. Moreira Ferro**: Se vostede vive en Marcón non lle molestará que vaia en Campañó, digo eu. Os núcleos máis próximos que non xenere rexeitamento veciñal, eso é do que se trata.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Os máis próximos, e as distancias exactamente, non falamos de distancias, concepto de proximidade. A min me vale perfectamente.

Rematado o debate, sométese a votación a proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE coa emenda do grupo municipal do PP aceptada polo autor da proposición, sendo o resultado da votación:

- Votos en contra: 12 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG).
- Abstencións: 1 concelleira (1 concelleira presente do grupo municipal Ma.Po).
- A favor: 11 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; 3 o grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 do grupo municipal mixto-C's).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a proposición anteriormente transcrita.

C) MOCIÓNS URXENTES:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE CO MOTIVO DA MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DE 7 DE NOVEMBRO DE 2015.

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra á concelleira dona Paloma Castro Rey, en representación do grupo municipal do PSdeG_PSOE, para xustificar a urxencia da moción.

A **Sra. Castro Rey**: Nós presentamos o venres unha moción para ver se pode entrar aquí pola vía de urxencia. Se trata de un texto consensuado polo movemento feminista a nivel estatal, presentado no Concello polo grupo pontevedrés da plataforma feminista galega.

Era para explicar a urxencia. Entendo que a urxencia ven porque como xa sabedes, entre outros motivos, como xa sabedes o día 7 de de novembro o grupo movemento feminista convocou unha manifestación en Madrid contra a violencia machista a que

penso que todas as persoas e entidades estamos emprazadas a ir.

Seguidamente, polo asentimento dos presentes (24), declárase a urxencia da presente proposición.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, é do teor literal seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denuncianteas, ou de vivenda, mentres crece a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Pontevedra presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Concello a:

- colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema "contra as violencias machistas" e promover a participación cidadá na Marcha.
- facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- soste r tódolos días do ano, tódolos anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.
- asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.
- contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuacións e servizos



de competencia municipal.

- erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
- desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.
- fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local. “

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra á concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Paloma Castro Rey.

Incidencias.- Auséntase da sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

A **Sra. Castro Rey**: Brevemente.

Como xa dixen, o día 7 de novembro o grupo movemento feminista convocou unha manifestación en Madrid contra a violencia machista, creo que as entidades públicas e nós como Concello temos a obriga non só de contribuír a esta acción cidadá senón tamén de reactivar e mellorar a prevención e a resposta a subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán. Toda a axuda vai ser pouca sempre que continúen a existir estes asasinatos machistas pero a veces algúns xestos dende os concellos poden contribuír moito.

Entón nesta moción propoñemos instar ao Concello a realizar diferentes actuacións, perdón, como poden ser colocar o día 7 de novembro na fachada do goberno unha pancarta violeta coa lema "contra as violencias machistas" e promover a participación cidadá na marcha que se celebrará en Madrid. Igualmente cada ano o 25 de novembro, como día internacional contra a violencia cara ás mulleres, colocar a mesma pancarta; soste r tódolos días do ano, tódolos anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista; asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento; contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar; realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuacións e servizos de competencia municipal; erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos; desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista; fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres; e enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da admi-

nistración local.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Castro.

A continuación intervén dona María del Carmen Moreira Martínez, en representación do grupo municipal Marea Pontevedra.

A Sra. Moreira Martínez: Moitas grazas.

A Marea Pontevedra apoia completamente esta moción en todos os seus puntos e amosamos o noso apoio ás mobilizacións.

Grazas.

Rematado o debate realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (23) acorda aprobar a moción anteriormente transcrita.

D) CONTROL E SEGUIMIENTO DO GOBERNO LOCAL:

17.- TOMA DE COÑECEMENTO DE DECRETO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 3 DE PONTEVEDRA TENDO POR DESISTIDO NO PO 86/2014 AO RECORRENTE (GRUPO MUNICIPAL DO PP).

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 de Pontevedra tendo por desistido no PO 86/2014 ao recorrente (grupo municipal do PP).

18. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Alcaldía e resolucións dos concelleiros de goberno e do persoal directivo correspondentes ao mes de setembro do 2015.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

19) PREGUNTAS.

A) PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA EN RELACIÓN AO DENOMINADO PARQUE FORESTAL PERIURBANO A FRACHA.

En representación do grupo municipal Ma.Po intervén **dona María del Carmen Moreira Martínez:** Moitas grazas.

O luns, día 10 de agosto, o portavoz do goberno municipal Raimundo González deu unha conferencia de prensa anunciando que a Xunta de Goberno deste Concello de ese día aprobara a adxudicación da redacción á empresa Lagares Oca SL do anteproxecto de un parque forestal periurbano en A Fracha. Ademais avanzaba a extensión do parque, 250 hectáreas, nas parroquias de Marón, Tomeza, Canicouva e Ponte Sampaio.

Ao respecto destes anuncios Marea quere formular as seguintes preguntas: onde se xustifica que o Concello carece de medios propios e por tanto se fai preciso encargar a redacción de este anteproxecto a unha empresa externa?; Se sae unha extensión prevista para o parque, por que non consta consulta previa das comunidades de montes que deberán dar o seu visto e prace para a cesión dos terreos afectados por



esta actuación?; non debería ser previo o proceso de negociación ao gasto inicial xa aprobado polo grupo de goberno de 20.570 euros?; en que momento se pensa contar coa participación dos veciños para incorporar as súas suxestións demandadas e ideas para este futuro parque?; existe unha previsión sobre o volume de movemento de terras que vai a implicar esta devandita actuación?.

Moitas grazas.

Incidencias. - Auséntase da sesión don Vicente García Legísima.

En representación do grupo municipal do BNG, contesta o concelleiro de goberno **don Demetrio Gómez Xunqueira**: Moitas grazas, Sr. Alcalde. Bos días a todas e a todos.

Se me permite doulle unha resposta conxunta a catro das preguntas porque a verdade é que esa pregunta cinco a min escápaseme a liña argumental que pode levar incluír isto aquí.

Non temos ningunha previsión de movemento de terras, de feito polo de agora non temos nin sequera previsión de movemento de terras, nada que se lle pareza, entón respóndolle ao resto, vale, esa non lle sei dicir.

Mire, para este goberno un dos problemas medio ambientais que ten Galiza, e sobre todo as rías baixas, é o monte e o seu estado, por iso dende hai ben anos pois vimos preocupándonos porque o monte, por poder facer polo menos algún tipo de política exemplarizante neses monte. Como mínimo dende o ano 2006, xa dende antes porque hai concellería de Montes dende o ano 99 pero dende o ano 2006 que se puxo en marcha o plan Monte Vivo se poden poñer exemplos desta política relacionada e incluso da colaboración á que vostede fai aquí referencia coas comunidades de montes e máis coa mancomunidade de montes. Fágolle referencia a isto porque saiba e por deixarlle claro que nós coñecemos cales son as prioridades das mancomunidades e elas coñecen cal son as nosas propostas e o que nós propoñemos. De feito nese ano 2006, dentro do plan Monte Vivo, xa aparece recollido que se pode abordar este parque de A Fracha ao igual que outro par deles máis.

Ben, pois entón como as comunidades coñecen as nosas propostas e nós coñecemos as súas demandas, é por iso que a liña de actuación foi como lle vou a relatar: en primeiro lugar, elaboramos unha proposta de ámbito para ese parque que se queremos reunirnos con eles e saber cal debe ser pois é o primeiro paso, dicirlles donde pensábamos nós que debíamos ubicar ese parque. Consultouse con cada unha das comunidades implicadas na semana, entre os días 7 e 11 de setembro, senón me confundo porque xa vai algo de tempo que isto viña para o anterior pleno, e ademais con eles fixamos os primeiros marcos de negociacións, as primeiras liñas de negociación. Nesas primeiras reunións xa apareceron propostas de modificación do que despois ía ser esa demarcación do parque que a vostede lle preocupa. Presentouse a proposta despois a todo o sector forestal nunha asemblea, nunha xuntanza, que se celebrou na parroquia de Marcón o día 17 de setembro e a partir de aí abriuse un proceso participativo porque como en todos os proxectos que pon en marcha este goberno, absolutamente en todos, contamos coa participación dos veciños e das veciñas de Pontevedra e ademais abrimos canles para que teñan facilidades de participar. Neste caso está o Web do Concello aberto para que se non queren achegarse, o se non poden, o se lles resulta máis acaido podan facernos chegar as propostas para este parque, despois da asemblea onde recollemos unhas cantas e a través do Web.

Todo isto, como vostede comprenderá, pois require un traballo intensísimo, grandísimo, elevadísimo, importante, de feito a partir da semana pasada, creo que foi a semana pasada, estivemos percorrendo o monte coa empresa encargada e máis as comunidades de montes e alí xa sobre o terreo e con eles quedou definitivamente ou practicamente fixados cal ían ser os límites do parque.

Tendo en conta esta intensidade do traballo e tendo en conta que existe escrito do funcionario municipal que tería que encargarse destas funcións onde di que non dispón de medios e que non ten tempo para realizar todas as funcións que ten encomendadas, encargouse a unha empresa especializada a realización do anteproxecto e máis a canalización de todas as demandas veciñais, porque repito para nós é fundamental e básico contar coa opinión das veciñas, dos veciños e de todos os axentes implicados e, polo tanto, as funcións de esta empresa son deseñar o anteproxecto e recoller e canalizar todas as propostas e demandas que sobre este parque poidan xurdir.

Moitas grazas.

B) PREGUNTA DE D^a MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ TESO, CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, EN RELACIÓN CO USO DUN DESPACHO NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CHALÉ DE FONTOIRA.

A Sra. Rodríguez Teso: Sra. Fouces, debido á falta de espazo que hai no chalé de Fontoira para todas as traballadoras que alí desenvolven a súa labor, e tamén cando lle fai falta as traballadoras que o fan en Monte Porreiro e por calquera cousa teñen que estar no chalé, non sería razoable que o despacho que ten vostede alí baleiro dende hai case dous anos e tendo en conta que xa disfruta vostede dun despacho na terceira planta de Michelena 30, repito, non sería razoable que se puidera usar ese despacho para que as traballadoras dos chalé non teñan que andar compartindo espazo sen necesidade?. Vaino facer?.

Grazas.

A Sra. Fouces Díaz: A ver, eses despacho está usado e cheo de papeis de todas as traballadoras que o necesitan, alí se fan reunións, alí se utiliza para o que o necesitan, estando eu ou non estando porque eu teño estado saír e que fagan as reunións, non teño ningún problema, saben perfectamente que está a disposición e todas saben que se usa sen ningún problema.

Ningunha comparte espazo, incluso hai un despacho abaixo na primeira entrada, non, todas as traballadoras sociais teñen o seu despacho perfectamente ubicado, hai un pequeno espazo na parte de atrás que estaba aí baleiro e que xa se habilitou como un despacho auxiliar, vamos eu creo que isto non ten moito sentido.

Moitas grazas.

C) PREGUNTA DE D^a MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MA.PO, SOBRE O CUMPRIMENTO DE DETERMINADAS SENTENZAS.

A Sra. Moreira Martínez: Só quería facer un anuncio de que presentaremos unha moción para que se aclare a vinculación de este parque forestal de A Fracha coas obras da A-57, o volume de terra que ten que mover a empresa San José, neste



caso, é de 6 millóns de metros cúbicos.

No punto 3 que facía antes unha pregunta que me recordaba Da Silva que tería que facela en rogos e preguntas, ás veces fáisenos tan tarde que xa non dan tempo pero bueno volvo a plantexar a mesma pregunta.

No Pleno do pasado mes aprobouse unha emenda da Marea para que se cumpran as sentenzas xudiciais referidas ao tren de Praceres, aos recheos de O Porto ou a EDAR, e gostaríanos saber se o goberno tense posto en contacto coas outras administracións para executar este acordo plenario.

Moitas grazas.

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**: queda recollida esa pregunta da señora Moreira.

20) ROGOS.

Non se formularon rogos.

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 14:29 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

A Alcaldesa Accidental,

O Secretario Xeral do Pleno,

María Carmen da Silva Méndez.

José Luis Mato Rodríguez